



Cantantes Líricas
GALEGAS
DOS SÉCULOS XIX E XX
DE GALICIA AOS TEATROS DE EUROPA, AMÉRICA E ÁFRICA



COMISARIADO E COORDINACIÓN
Francisco Javier Garbayo Montabes
María del Carmen Lorenzo Vizcaíno

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA





Cantantes Líricas
GALEGAS
DOS SÉCULOS XIX E XX
DE GALICIA AOS TEATROS DE EUROPA, AMÉRICA E ÁFRICA



COMISARIADO E COORDINACIÓN
Francisco Javier Garbayo Montabes
María del Carmen Lorenzo Vizcaíno

COMITÉ CIENTÍFICO

COMISARIADO e COORDINACIÓN

Francisco Javier Garbayo Montabes (Universidade de Santiago de Compostela-CISPAC)
María del Carmen Lorenzo Vizcaíno (Universidad Internacional de La Rioja)

PRESIDENCIA DE HONOR

Emilio Casares Rodicio (Universidad Complutense de Madrid)
Carlos Villanueva Abelairas (Universidade de Santiago de Compostela)

VOGAIS

Montserrat Capelán Fernández (Universidade de Santiago de Compostela-iHUS)
Consuelo Carredano Fernández (Universidad Nacional Autónoma de México)
Mabela Casal Rei (Universidade de Santiago de Compostela)
Camilo Jesús Fernández Cortizo (Universidade de Santiago de Compostela)
Neus Garriga López (Centre de Documentació. Museo de les Arts Escèniques)
Mariluz González Peña (Sociedad General de Autores y Editores de España)
Julián Jesús Pérez Fernández (Xunta de Galicia)
José Ramón Pérez Salgado (Universidade de Santiago de Compostela)
Margarita María Ramírez de Santa Pau (Real Conservatorio Superior de Música de Madrid)
María Teresa Rodríguez González (Biblioteca Nacional de España)
Andrea Vitalini (Fondazione Teatro alla Scala. Archivio Storico)

EQUIPO PEDAGÓGICO e RRSS

Laura Touriñán Morandeira (Coordinación. Consejo Superior de Investigaciones Científicas)
Lorena Casal Otero (Universidade de Santiago de Compostela-ICE)
Beatriz Cebreiro López (Universidade de Santiago de Compostela-ICE)
Abraham Felpeto Guerrero (Centro de Supercomputación de Galicia)
Carmen Fernández Morante (Universidade de Santiago de Compostela-ICE)
Abraham Martínez Gracia (Centro de Supercomputación de Galicia)
María José Rodríguez Malmierca (Centro de Supercomputación de Galicia)
Ilduara Vicente Franqueira (Universidade de Santiago de Compostela)

ORGANIZAN



«I+D+i: organistrum-PID2020-115496RB-I00 / EMEXESPO-PID2021-123476NB-I00»

GI-2025

GI-1438

PATROCINAN



COLABORAN



A edición deste catálogo contou con financiamento de AEI: Proxecto Retos 2020: PID2020-115496RB-I00 / Proxecto Emexespo: PID2021-123476NB-I00, Xunta de Galicia e Deputación da Coruña, e coa colaboración dos grupos de investigación Organism (GI-2025), Iacobus (GI-1907) e Tecnoeduc (GI-1419) e de Amigos da Ópera de Santiago de Compostela, ICE-CISPAC

© BNE, Biblioteca Nazionale, Turín, SGAE, MAE, RCSMM, Fundación Alfredo Kauss, Fundación Juan March, Archivo Storico Artístico Teatro alla Scala, Archivo Storico Teatro de La Fenice, Asociación Cultural As Mallas da Area, 2026, das imaxes reproducidas.

© Universidade de Santiago de Compostela, 2026, desta edición



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

Produción

Área de Cultura da Universidade de Santiago de Compostela

Deseño e maquetación

Alberto R. Rodríguez Pérez
Departamento gráfico
Fundación USC

Edita

EDICIÓN USC
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
www.usc.gal/publicacions

DOI: <https://dx.doi.org/10.15304/op.2026.1950>

AGRADECEMENTOS

Arquivo Histórico Teatro de *La Fenice* (Venecia), Arquivo Histórico (Universidade de Santiago de Compostela), Asociación Cultural «*O faiado da memoria*» (Vilagarcía de Arousa), Asociación Cultural «As mallas da Area» (Malpica de Bergantiños), Biblioteca Cívica Musical «Andrea della Corte» (Turín), Biblioteca de Galicia (Santiago de Compostela), Biblioteca Nacional de Portugal (Lisboa), Biblioteca Real Conservatorio Superior de Música (Madrid), Biblioteca Teresiana (Mantua), Biblioteca Nacional Universitaria (Turín), Centro Galego (Lisboa), Biblioteca Xeral (Universidade de Santiago de Compostela), Dirección Xeral de Cultura (Xunta de Galicia), Museo do *Teatro alla Scala* (Milán), Secretaría Xeral de Emigración (Xunta de Galicia), *Teatro Stabile* (Turín),.

Alejo Amoedo Portela, Benigno Amor Barreiro, Josefina Benaches Luz, Ángeles Blancas Gulín, Antonio Caeiro Rodríguez, Teresa Delgado Sánchez, Marina Dorigo, Juan Pedro Durán Alonso, Antonio Rodríguez Miranda, José Manuel García Iglesias, Ester García Moscardó, Ignacio Jassa Haro, Domingo Luis González Lopo, Ana González Vázquez, Ana Higuera Aragón, Manuel López Foxo, María Jesús López Lorenzo, Anxo Manuel Lorenzo Suárez, José Luis Maire Montero, Miguel Ángel Marín López, Isabel Martínez Pellicer, Juan Manuel Monterroso Montero, Eduardo Muelas Rodríguez, Xosé Nogueira Otero, Julian Jesús Pérez Fernández, Cristina Pujales Prats, Giorgio Rampone, Mercedes Rosón Ferreiro, Pilar de Saa Martín Pablo Sampedro Magán, Matteo Sartorio, Simone Solinas, Margarita Teijeiro Suárez, Josep Tudela Navarro, Fabio Ullana, Luis Martínez Uribe, Mercedes Vázquez Bertomeu, Santiago Vela Parés, Cristina Isabel Videira Fernandes.

A todas e todos cantos teñen estado ou están vinculados a este fermoso proxecto.

Índice

- 9** Presentación
Pilar Murias Fernández
- 11** Redes femininas, historias de vida, patrimonio sonoro e tecnoloxías emerxentes para recuperar a memoria perdida das Cantantes líricas galegas dos séculos XIX e XX
Francisco Javier Garbayo Montabes
María del Carmen Lorenzo Vizcaíno
- 27** La universalidad de las cantantes gallegas: Desde Galicia a la conquista del mundo, con la morriña en el corazón
María Luz González Peña
- 53** Grandi cantanti galiziani in Italia e al Teatro alla Scala
Andrea Vitalini
- 63** Bibliografía

Exposición

- | | | | |
|------------|-----------------------------|------------|----------------------------|
| 72 | Benita Moreno | 116 | Escola Lírica Galega |
| 78 | Cristina Villó | 120 | Mary Isaura |
| 84 | Irmáns Villó | 126 | Matilde Vázquez |
| 84 | Elisa | 132 | Lola Rodríguez Aragón |
| 85 | Carlota | 138 | María Luisa Nache |
| 85 | Matilde | 144 | Inés Rivadeneira |
| 86 | Rosario Salgado | 150 | Josefina Ubeiro |
| 90 | Asunción R. Lantes | 156 | Ángeles Gulín |
| 96 | Carolina Casanova de Cepeda | 162 | Ángeles Ottein |
| 104 | Dorinda Rodríguez | 170 | Ofelia Nieto |
| 110 | Bibiana Pérez | 178 | Listado materiais expostos |

Presentación

Pilar Murias Fernández

Vicerreitora de Estudantes e Cultura da Universidade de Santiago de Compostela

Todas aquelas persoas que, de maneira temporal ou permanente, temos a oportunidade de traballar no ámbito da cultura da nosa universidade, somos plenamente conscientes do enorme privilexio de poder coñecer e implicarnos en propostas culturais de moi alto nivel, que acaban formando parte da nosa programación universitaria. Cando o proxecto procede da propia comunidade universitaria, a satisfacción é aínda maior, porque a calidade da proposta vén avalada na maioría dos casos por un profundo traballo de investigación e unha vocación inevitable de transferencia que nos caracteriza como persoas de universidade.

Unha desas propostas que tivemos o pracer de converter en mostra no magnífico espazo do Salón do Artesoado de Fonseca durante os meses de outubro e novembro do 2024, foi a que revisou a figura de mulleres galegas que nos séculos pasados formaron parte do panorama lírico internacional. A mostra non se pode visitar a día de hoxe, pero deu lugar a un proxecto aínda vivo que abriu unha porta difícil de pechar para os comisarios Javier Garbayo e María del Carmen Lorenzo, que mimaron e impulsaron o proxecto coa paixón que só pode transmitir quen traballa no que ama.

Hoxe este catálogo rende homenaxe á mostra que foi e ao proxecto vivo que aínda é, como recoñecemento de que a exposición *Cantantes Líricas Galegas dos Séculos XIX e XX* supuxo unha contribución esencial á recuperación da memoria musical e social de Galicia, devolvendo ao primeiro plano o labor artístico de máis de vinte mulleres extraordinarias que, ao longo de dous séculos, fixeron da súa voz unha ponte entre Galicia e o mundo. A través desta testemuña gráfica, a Vicerreitoría de Estudantes e Cultura da Universidade de Santiago de Compostela quere convidarvos a explorar unha colección que amosa a dimensión internacional das nosas

cantantes, capaces de emocionar auditorios en cidades como París, Bos Aires ou Milán e, ao tempo, manter unha fonda vinculación coas súas raíces galegas.

A mostra, que destacou precisamente por unha estética especialmente cuidada e adecuada á temática da mesma, permitiu un percorrido ameno e didáctico a través de paneis informativos e vitrinas con documentos, fotografías, partituras, obxectos persoais e programas de man. Permittiunos o acceso a cartas, contratos, críticas da prensa internacional e lembranzas familiares que achegan as figu as das protagonistas a todos os públicos, dende melómanos ata persoas interesadas na historia social. No Salón do Artesoado puidemos incluso escoitar rexistros sonoros históricos, auténticas xoias para comprender a riqueza tímbrica e interpretativa destas divas galegas. A través de toda esta información pode descubrirse, non só a traxectoria profesional das protagonistas, senón tamén contextos cotiáns, viaxes, amizades artísticas e historias de superación.

O relato expositivo permite coñecer as biografías de 23 artistas das máis diversas procedencias e estilos. Estas mulleres preséntansenos como estrelas do canto, pero sobre todo como profesionais que foron tamén nais, mestras, empresarias, xestoras culturais e activas promotoras da lingua e a identidade galega. Entre as máis destacadas cómpre mencionar a Ofelia Nieto e Ángeles Ottein, irmás que acadaron recoñecemento internacional e actuaron nos principais escenarios europeos e americanos. Ou Bibiana Pérez, coñecida como «La Perecita», que foi fundamental no desenvolvemento dunha verdadeira «escola lírica galega», da que saíron cantantes que combinaron a formación académica co amor á tradición popular. Porén, a enorme riqueza que presenta este traballo ten que ver con que tamén presta atención a figu as menos recoñecidas hoxe, pero que nos seus tempos chegaron a ser estrelas do bel canto, a *zarzuela* e a revista, como Benita Moreno, Carolina Casanova, Mary Isaura, Matilde Vázquez, Inés Rivadeneira ou Ángeles Gulín Todas elas tiveron que facer fronte a difícu tades, sexa pola orixe social, sexa pola necesidade de conciliar a carreira artística coa vida familiar, e convértense en exemplos de superación perfectamente válidos para a vida contemporánea.

É especialmente relevante o papel que estas mulleres xogaron como embaixadoras da galegitude fóra das fronteiras. En América, moitas delas implicáronse na vida cultural das colectividades emigradas, promovendo concertos, festivais e iniciativas filant ópicas. No seu caso, a música serviu como canle de reivindicación identitaria e conservación dos lazos afectivos coa terra natal, mesmo en contextos de profunda adversidade. A recuperación da súa memoria non é só un acto de xustiza artística, senón tamén social e de País. Visibilizar o papel destas mulleres serve para poñer en diálogo a tradición coas novas xeracións de creadoras galegas, mostrando referentes que axudan a desmontar estereotipos de xénero e abrir horizontes igualitarios no mundo da música e das artes escénicas.

Por todas estas razóns, temos que agradecer o apoio que desde distintas institucións se prestou a este proxecto e a paixón e dedicación de todas as persoas que o sacaron adiante. Para a Universidade de Santiago de Compostela, esta iniciativa permitiu de novo confi mar o noso compromiso coa igualdade, a defensa do patrimonio inmaterial, a divulgación científica e a promoción dun relato inclusivo do pasado cultural galego.

Redes femininas, historias de vida, patrimonio sonoro e tecnoloxías emerxentes para recuperar a memoria perdida das Cantantes líricas galegas dos séculos XIX e XX

Francisco Javier Garbayo Montabes
Universidade de Santiago de Compostela (USC-CISPAC)
María del Carmen Lorenzo Vizcaíno
Universidad Internacional de La Rioja (UNIR)

1. Os obxectivos e referencias dunha proposta expositiva.

Neste traballo presentamos as bases sobre as que se sustentou a realización da exposición mencionada, froito de anos de investigación no marco dun proxecto competitivo de I+D+i de Xeración de Coñecemento, dentro do Programa Retos. O tema central do proxecto foi a revisión de diversos aspectos da música galega: desde as súas orixes na rexión, a súa evolución e resignific ción en América a través do éxodo migratorio, ata o seu retorno a Galicia con novas formulacións artísticas e ideolóxicas.

Paralelamente, o proxecto tivo como un dos seus obxectivos transversais máis relevantes a recuperación da memoria silenciada das nosas intérpretes de música académica, un ámbito que, na Galicia actual, recibiu escasa e desigual atención por parte da academia.

Deste xeito, concibimos a idea inicial de abordar distintos aspectos relacionados coas cantantes líricas galegas que foron recoñecidas máis aló das nosas fronteiras, desde unha perspectiva que resultou prometedora desde o primeiro momento e que, tanto en termos cuantitativos como cualitativos, continúa crescendo conforme avanza unha temática de investigación que permanece aberta. Trátase, por tanto, dun proxecto que xa ofreceu resultados relevantes, pero cuxa temática segue aberta, xa que seguimos localizando documentación que enriquece o panorama presentado nesta mostra, concibida desde a lóxica da transferencia do coñecemento.

Nun primeiro momento, propuxémonos documentar progresivamente ás distintas cantantes galegas que aparecían nas fontes, moitas veces de forma moi dispersa. Comezamos

con Cristina Villó, soada soprano nada na Coruña, quen, do mesmo xeito que Benita Moreno ou Carolina Casanova, foi reivindicada pola intelectualidade do *Rexurdimento* como unha das glorias artísticas femininas de Galicia. Pronto, os traballos de Carmen Lorenzo, centrados na figura da soprano María Luisa Rodríguez Nache –especialmente o seu relatorio presentado no ENIM'22, celebrado na Universidade de Aveiro (Lorenzo, 2022), dedicado ao discurso de ingreso de Nache na Real Academia Galega de Belas Artes, titulado *Voces de oro gallegas por el mundo* (Rodríguez Nache, 1976) –, revelaron un universo descoñecido de nomes e actividade artística que ampliaron os nosos obxectivos iniciais.

Tamén exploramos referentes expositivos sobre temáticas similares, principalmente en España, aínda que atopamos poucos modelos para seguir. Entre eles, centrámonos nas mostras realizadas coa colaboración do INAEM ou da SG AE (Paz, 2006; Gallo, 1988), pola súa afinidade temática, especialmente no caso da Comunidade Valenciana (Matteis e Doménech, 2012), na Comunidade Galega (Sánchez García, 1995) e de forma destacada na exposición comisariada por Emilio Casares sobre a zarzuela e a súa presenza en España e América (Montero e Pozo, 2023). Esta última foi especialmente importante na concepción xeral da nosa exposición, xa que estivo precedida por unha serie de publicacións de gran formato dedicadas ao teatro lírico español (Casares, 1999 e 2000), que se distinguen por ter un diversificado enfoque metodolóxico, ilustrando o discurso científico con abundante material gráfico: documentos, programas, carteis, fotografías, prensa, partituras... é dicir, recursos moi similares aos que nós íamos empregar no noso proxecto expositivo.

2. Ideas, deseño e sedes.

A partir de aí, a nosa investigación cobrou un xiro total co horizonte de poder realizar, a longo prazo, unha exposición monográfica de gran formato sobre as nosas cantantes líricas, algo que se materializou en outubro de 2024 no salón artesonado do Colexio de Fonseca, en Santiago de Compostela, e que posteriormente viaxou (abril-maio de 2025) ao Centro Galego de Lisboa, integrada nunhas xornadas sobre estudos migratorios organizadas pola Universidade Nova¹.

De maneira paralela ao deseño e desenvolvemento das distintas fases do proxecto, a investigación levouse a cabo en gran parte mediante procuras sistemáticas en bancos de datos, xestores bibliográficos, hemerotecas europeas e americanas, arquivos dixitalizados en aberto e coleccións privadas. Tamén se realizaron viaxes de investigación, tanto nacionais como internacionais, en busca de materiais inéditos pertencentes a fondos públicos e privados, cuxas copias se incorporaron á mostra e dixitalizaron para a súa inclusión nunha visita virtual. Esta formulación permitiu establecer unha rede significativa de colaboradores institucionais que acolleron a proposta con gran xenerosidade e entusiasmo. Cabe destacar o patrocinio xeneroso da Xunta de Galicia, da Deputación da Coruña e da AEI, así como a colaboración con entidades


privadas que facilitaron o acceso aos seus fondos, facilitando a copia e exhibición dos seus materiais, ademais do asesoramento científico e a difusión da actividade a través das súas canles e redes sociais. A parte loxística do proxecto, nas súas dúas fases (Santiago/Lisboa), foi realizada co apoio da área de Cultura e a Fundación USC da Universidade de Santiago de Compostela.

Unha vez completada a etapa principal de investigación de arquivo, tanto física como dixitalmente, abordouse o deseño da exposición para o espazo orixinalmente asignado e coidando o seu enfoque didáctico. Tras definir as ideas esenciais a desenvolver, o deseño gráfico propúxose desde o inicio unha narrativa expositiva que destacase o carácter eminentemente teatral da mostra: falaríamos de artistas pero tamén de títulos, viaxes, cidades e dos seus teatros. Para iso, substituíronse os tradicionais paneis informativos en cartón pluma adheridos ás paredes por paneis móbiles dobres de gran altura (oito paneis dobres en formato 300cm x 100cm), confeccionados en tea de algodón tensada sobre bastidores unidos por bisagras a modo de «>», o que facilitou a súa manexo e adaptación as condicións específicas de futuras montaxes. Estes paneis actuaban como se foran entretelas escénicas, guiando a atención visual primeira do visitante cara á parede do fondo, onde se colocou unha galería cos retratos individualizados en orlados marcos impresos dixitalmente, das protagonistas. Estes retratos estarían ordenados cronoloxicamente a modo de pano final. Todo elo en calidade máxima que permitise unha visión en calidade das imáxenes e unha lectura clara dos textos contidos nos documentos reproducidos, como indicamos, e imperando a cor vermella propia dun gran telón antigo.

No centro da montaxe, en correspondencia cos paneis dobres e dúas figuras a tamaño natural de Ofelia Nieto e Ángeles Ottein sobre fondo transparente, suspendidas do teito mediante cables, dispuxéronse once vitrinas que contiñan documentación de tipoloxía moi variada, tanto en orixinais como en reproducións de alta calidade realizadas expresamente para a mostra.

Este formato foi concibido inicialmente para unha gran sala rectangular, pero tivo que adaptarse para a súa exhibición en Lisboa. Alí, o edificio que acolleu a mostra respondía os patróns da arquitectura palaciega do século XIX: un gran vestíbulo circular, con longos corredores laterais separados por grandes columnas de mármore vermello veteado sobre elevados basamentos cúbicos e traballados capiteis xónicos, grandes ventás dobres con contras e coloridas pinturas italianizantes nos teitos representando en varias esceas o Parnaso. Por iso, incluíuse un novo panel dobre con bisagra, similar aos anteriores, dedicado ás irmás Nieto-Ottein que en Santiago non tiveron. Ademais, dado o carácter do anfitrión, engadiuse outro panel sobre a presenza das nosas cantantes en Centroamérica e Sudamérica, titulado *Voces da morriña* así como abundante documentación relacionada co paso das nosas cantantes polos teatros de Portugal e Brasil.

¹ *Cruzamentos Galiza-Portugal. Redes migratorias e culturais*. Lisboa: Universidade Nova, 10-11 de abril de 2025



Panel dedicado ás cantantes galegas na emigración.
Exposición no Centro Galego de Lisboa.

3. Fíos conductores do proxecto e implementación de resultados

Cinco características fundamentais percorreron as distintas fases do proxecto, desde os seus inicios ata a actualidade, na que se contempla a posibilidade de itinerancia da exposición, paralelamente á elaboración de documentos científicos os derivados da mesma:

1. Transferencia do coñecemento no ámbito da Musicología, a Historia e as Ciencias da Música.
2. Deseño espacial apropiado, de inspiración teatral.
3. Produción sostible. Adaptabilidade a diferentes contextos expositivos.
4. Vocación didáctica coa intención de chegar ao sistema educativo (centros, docentes e alumnado).
5. Uso combinado de recursos expositivos tradicionais e ferramentas propias das Humanidades Dixitais.
6. Interdisciplinariedad metodolóxica e ampla colaboración institucional.

O primeiro dos apartados derívase do marco normativo en que se inscribe a actividade. Neste sentido, como actividade promovida dende un I+D+i do Plan Nacional de Investigación 2020-2024, cumprimos o obxectivo de devolver á sociedade o coñecemento e a memoria olvidada, dunha parte esencial da súa historia cultural. A transferencia entendeuse na súa dobre vertente: cara á sociedade en xeral xa que, potencialmente, o público de a pé pode visitar a exposición, e cara á comunidade educativa, por medio da disposición de recursos en aberto. Esta última faceta foi fundamental na elaboración da nosa proposta final, xa que creemos na transformación da sociedade por medio da educación e do coñecemento da súa historia.

No primeiro caso, ademais da visita libre á mostra –segundo o percorrido predeterminado e a lectura dos paneis explicativos–, ofrecéronse visitas guiadas polos comisarios e outros colaboradores, así como un ciclo de conferencias e proxeccións, ilustrativas dos contidos abertas ao público, traballanado os contidos mediante unha linguaxe accesible. Como proposta educativa de terceiro ciclo, diversas actividades titorizadas foron recoñecidas pola USC como horas de formación dentro do Programa de Estudos de Doutoramento en Xeografía, Historia e Historia da Arte, fomentando así a participación do estudantado na actividade.

Pero quizá como forma de transferencia do coñecemento en recursos educativos, o máis destacable sexa a elaboración dun conxunto de actividades educativas interactivas que conformaron unha completa guía didáctica. As súas actividades foron deseñadas en colaboración con investigadoras do CSIC, grupo de investigación de Tecnoloxía Educativa da USC e o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) baixo a coordinación de Laura Touriñán (Touriñán e Vicente, 2025, p. 14). No seu conxunto, estas actividades admiten o seu uso en diferentes niveis educativos, promoven a creatividade, a aprendizaxe gamific do aproveitando o seu carácter lúdico e o uso de Apps e ferramentas de intelixencia artificial xenerativa como recursos mías novedosos. Así, a disposición desta guía, deseñada para todos os públicos, integra actividades

interactivas que empregan ferramentas dixitais, intelixencia artificial e realidade aumentada, favoreceuse unha experiencia inmersiva e inclusiva na propia exposición. Os seus obxectivos xerais caracterizáronse pola transferencia do coñecemento, a asimilación lúdica de contidos musicais e históricos e a incursión no terreo das Humanidades Dixitais. E entre os obxectivos específicos, sempre presentes na nosa proposta, destacan: coñecer intérpretes galegas de memoria silenciada, reflexionar sobre as prácticas músico-teatrais aproximándonos a elas dende a perspectiva de xénero, familiarizarse con teatros e obras do repertorio lírico, e, en definitiva, valorar o cuadrilátero *música-identidade-muller-Galicia*.

A fundamentación teórica desta proposta didáctica vese apoiada pola idea dunha educación «por» e «con» música, pero dende a perspectiva mesoaxiolóxica, considerando as tecnoloxías como medios educativos promotores de creatividade. De este xeito, a metodoloxía promove competencias culturais, dixitais e sociais, así como valores de diversidade e convivencia, fundamentais na construción da sociedade do século XXI (Tourriñán e Vicente, 2025, p. 144).

Xa se comentou o orixinal deseño de inspiración teatral, cos paneis actuando a modo de entretelas escénicas. Ademais, como indicamos, os grandes teatros europeos e americanos se integraron como fíos condutores presentes na narrativa da mostra, ao ser os lugares habituais de traballo das nosas cantantes líricas. Xunto a documentación proveniente de teatros como o Teatro Real, Gran Teatre do Liceu, Teatro alla Scala de Milán ou o Teatro A Fenice de Venecia, tamén se presentaron gravados doutros coliseos famosos e sobre un tema tan curioso como recorrente no século XIX: os incendios que sufriron moitos deles, o que era recollido con todo tipo de detalles pola prensa do momento. Esta última temática está ademais relacionada co caso da tiple ourensá Dorinda Rodríguez, sobrevivente do gran incendio ocorrido no Teatro Baquet do Porto en marzo de 1888, mentres se representaba *La Gran Vía*, dos compositores Federico Chueca e Joaquín Valverde, no que ela mesma estivo a piques de perder a vida.

A sustentabilidade da produción está ligada á vocación perdurable dos materiais e tamén a propia intención de adaptabilidade, co fin de permitir sucesivas exhibicións sen deteriro significati o dos paneis e sen necesidade de investir en adaptar as salas receptoras. A superficie dos paneis está realizada principalmente en tea de algodón groso, un material facilmente degradable, evitando así o uso indiscriminado de materiais plásticos e sintéticos, agresivos coa natureza.

Os apartados catro e cinco non poden desligarse do exposto anteriormente sobre transferencia en educación. A iso súmase a aplicación de tecnoloxías emerxentes (Realidade virtual, Realidade aumentada, Realidade mixta e Intelixencia artificial), que permiten realizar actividades educativas durante a visita desde un dispositivo móbil mediante códigos QR conxugando o potencial das tecnoloxías sempre dependentes de deseños metodolóxicos adecuados (Cebreiro, Fernández-Morante e Casal, 2019; 2022, *passim*). Destaca especialmente a aplicación de ferramentas de intelixencia artificial xenerativa nalgunhas das actividades e, de forma particular, na visita virtual interactiva deseñada polos investigadores do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), a través da cal a exposición iniciou unha viaxe sen límites espazo-temporais. Esta ferramenta inscríbese plenamente no ámbito das Humanidades



Imaxe extraída da guía didáctica on-line (<https://www.liricasgalegas.com/atopaparella>)

Dixitais, permitindo a creación de narrativas analóxicas e artificiais para a transferencia en humanidades, utilizando deseños interactivos onde se combinan realidade aumentada e IA (Cebreiro e Rodríguez-Malmierca, 2025, p. 142).

Pero nada disto sería posible sen a colaboración de moitas mans provenientes de distintos campos. Lograr unir a profesionais da musicoloxía, a historia, a arquivística, a biblioteconomía, a educación, a tecnoloxía, as redes sociais e o deseño e produción é, quizá, o maior valor deste traballo. Unha tarefa que, como se indicou ao comezo, lonxe de pecharse, continúa aberta, pois a transferencia do coñecemento, como a música mesma, debe reinventarse de maneira continua para adaptarse aos novos desafíos que xorden de xeito continuo desde a sociedade (Gibaja, Fernández e Cubas, 2025).

4. A narrativa histórica

Durante séculos, as mulleres foron protagonistas silenciadas na historia da música (Seydoux, 2011). En Galicia, esta invisibilización vese agravada pola escasa documentación traballada ata o momento, a falta de recoñecemento institucional e a limitada presenza de figuras femininas nos relatos oficiais da historiografía musical.

A exposición *Cantantes líricas galegas dos séculos XIX e XX* nace así como resposta a esta omisión histórica. É o resultado dun proxecto de investigación interdisciplinar que integra musicoloxía, historia cultural e estudos de xénero, co obxectivo de visibilizar a intérpretes galegas que, desde o século XIX, conquistaron escenarios internacionais e contribuíron de forma decisiva á proxección cultural de Galicia máis aló das súas fronteiras.



Imaxe da exposición virtual.

Este esforzo non só responde a unha necesidade de xustiza histórica, senón tamén á vontade de enriquecer o patrimonio cultural galego con voces que ata o de agora permaneceran nas marxes do relato oficial. A exposición convértese así nun espazo de memoria, reivindicación e transmisión do coñecemento, onde a música actúa como vehículo de identidade, resistencia e transformación social.

4.1. Metodoloxía de traballo e enfoque curatorial

O proxecto desenvolveuse a partir dunha metodoloxía mixta que combinou investigación arquivística, análise hemerográfica e entrevistas con descendentes, especialistas e axentes culturais. Priorizouse a recuperación de fontes primarias -programas de man, gravacións, fotografías, críticas de prensa, correspondencia persoal-, moitas delas inéditas ou dispersas en coleccións privadas e arquivos internacionais.

A colaboración con institucións culturais e educativas foi clave para o desenvolvemento do proxecto, permitindo o acceso a fondos documentais e a validación científica dun corpus importante de contidos. Sinalabamos que a exposición foi concibida cun deseño escénico que evocaba o mundo teatral, utilizando paneis móbiles de gran formato, vitrinas documentais e recursos dixitais.

Un dos elementos máis innovadores foi a creación de actividades xeneradas coa axuda da IA e de xeito especial, unha visita virtual 3D desenvolta polo CESGA, que permitiu ampliar o

alcance do proxecto máis aló do espazo físico, facilitando o acceso remoto e a interacción cos contidos mediante tecnoloxías de realidade aumentada e intelixencia artificial. Propiciouse así que as nosas cantantes que antes surcaran os mares, agora emprenderan unha viaxe virtual pola rede; unha viaxe conceptualmente infinita e sen portos nin límites xa que ten como destino calquera parte do mundo.

O punto de partida para a inclusión desta serie de actividades deseñadas coa axuda da IA, e particularmente a visita virtual interactiva 3D, foi a elaboración de *Retratos cantantes*, das intérpretes do século XX, accesibles dende a exposición por medio de códigos QR. Para iso, acudiuse a arquivos sonoros antigos, con interpretacións orixinais das protagonistas, que foron vinculadas a retratos fotográficos apropiados de cada unha delas. As gravacións de audio foron procesadas con Audacity co obxectivo de limpiarl as e mellorar a súa claridade vocal. De xeito paralelo, as imaxes estáticas foron tratadas en GIMP (GNU Image Manipulation Program) para mellorar e preparar os retratos, para o seu posterior uso en animación facial. Aplicouse logo Hedra, plataforma de IA xenerativa multimodal especializada en *lipsync* e animación facial, que permite sincronizar movementos labiais e expresións realistas nunha imaxe fixa a partir dun fragmento de audio seleccionado. Este sistema analiza o contido fonético da canción, ou peza orixinal, e interpreta movementos faciais posibles obtivos da imaxe de xeito coherente coa voz, xerando animacións nas que o retrato cobra vida con aparencia natural e incluso matizando a xesticulación do rostro.

Pola súa parte, a exposición virtual da mostra é unha experiencia inmersiva desenrolada integramente polo CESGA utilizando Unity, un motor de creación multiplataforma amplamente empregado na creación de contidos interactivos en 2D e 3D. Esta tecnoloxía permite crear experiencias ricas e interactivas que poden desplegarse nunha ampla variedade de dispositivos que van dende ordenadores persoais ata gafas de realidade virtual pasando por navegadores web ou dispositivos móbiles. A versión web da exposición virtual, implementouse utilizando WebGL, unha solución de gran versatilidade e alta calidade gráfica que presenta un alto rendemento na súa utilización por parte do usuario que se achega á experiencia.

Esta ferramenta incorporou un deseño responsivo que adapta dinámicamente a interface e os controis a distintos tamaños de pantalla e capacidades dos dispositivos. O espazo virtual reproduce fielmente a disposición dos elementos da exposición física, incluíndo os paneis explicativos que ofrecen a posibilidade de ser leídos por unha voz sintética, e as imaxes contidas nos paneis orixinais que poden ser ampliadas, illadas e incluso descargadas.

Deste xeito, os usuarios poden moverse libremente por un entorno tridimensional dun xeito fluid . Púxose especial énfase na accesibilidade, incidindo na súa sinxeleza de manexo e, paralelamente á versión WebGL, creouse unha aplicación específica para dispositivos de realidade virtual Meta Quest, que ofrece unha experiencia de inmersión total (Cebreiro e Rodríguez-Malmierca, 2025, pág. 143).

Con este enfoque curatorial amplo e diverso, buscamos non só informar, senón tamén emocionar e provocar reflexión, establecendo un diálogo entre pasado e presente, entre as traxectorias individuais das cantantes e os procesos históricos que as atravesaron, analizados dende unha perspectiva interactiva propia da sociedade actual.

4.2. Pioneiras do século XIX: entre o bel canto e a emigración

A cronoloxía da exposición comeza con Benita Moreno (1792–1872), considerada a introductora do bel canto rossiniano en España. A súa carreira marcou o inicio dunha tradición lírica galega que se consolidaría nas décadas seguintes. Moreno triunfou nos principais teatros de España e Europa, alcanzando gran popularidade en Madrid. O seu legado artístico foi continuado polas súas fillas, Ágela e Luisa, tamén destacadas cantantes líricas.

Cristina Villó (1814-1884), soprano lírico-dramática nada na Coruña, foi a primeira muller galega pensionada pola raíña María Cristina para estudar música (Hernández Girbal, 1997, pp. 410-413). A súa carreira desenvolveuse en grandes escenarios de España e Europa, e a súa figura representa un exemplo temperán de recoñecemento institucional a unha artista galega. Retirouse en Valencia, onde faleceu en 1884, deixando unha pegada duradeira na historia lírica española.

Rosario Salgado (1847-1932), mezzosoprano nada en Pontedeume (A Coruña), desenvolveu unha destacada carreira internacional a principios do século XX, cantando en diversos teatros italianos. Establecida en Arxentina, converteuse nunha influente pedagoga musical, deixando un marcado ronsel no ensino do canto e na difusión da música galega no contexto migratorio.

Asunción Rodríguez Lantes (1869-1915), soprano dramática nada en Ferrol, brillou nos escenarios de Europa e América a finais do século XIX. A súa interpretación de *Un adiós a Mariquiña* na Habana, vestida con traxe tradicional galego e en presenza de Manuel Curros Enríquez e de José Castro «Chané», poeta e compositor, consagrouna como símbolo da identidade galega no exilio.

Carolina Casanova (1847-1910), tamén ferrolá, e intensa carreira xalonada de éxitos e recoñecementos, triunfou nos principais teatros europeos e americanos. Tras ela, converteuse en pioneira da docencia vocal en España, sendo a primeira muller en ocupar unha cátedra de canto na Escola Nacional de Música de Madrid (Martín de Sagarmínaga, 1997, p. 108). O seu labor pedagóxico sentou as bases para a profesionalización do ensino do canto no país.

4.3. Traxectorias transatlánticas e pedagogía vocal

O tránsito entre continentes foi unha constante nas traxectorias de moitas cantantes galegas, cuxas carreiras reflicten unha intensa mobilidade artística e cultural. Esta circulación internacional non só permitiulles alcanzar recoñecemento en escenarios de prestixio, senón que tamén facilitou o intercambio de repertorios, estilos interpretativos e experiencias pedagóxicas, enriquecendo así o panorama musical tanto en Galicia como nos países de acollida.

Dorinda Rodríguez (1862–1955), ourensá de gran carisma escénico, desenvolveu unha exitosa carreira nos xéneros da zarzuela e da opereta, actuando en teatros de España, América e Portugal. A súa versatilidade interpretativa e as súas dotes escénicas convertérona nunha figura moi apreciada polo público e a crítica. Tras o seu matrimonio cun aristócrata portugués,



Fotografía da inauguración da exposición no Pazo de Fonseca, en Santiago de Compostela, o día 4 de outubro de 2024.

adoptou o título de Condessa de Mesquitela, o que reforzou a súa proxección social e cultural no estranxeiro. Neste contexto, converteuse nun símbolo da cultura galega no exilio, representando con orgullo a súa orixe nos círculos artísticos internacionais e participando activamente na vida cultural da diáspora.

Bibiana Pérez (1865–1950), aínda que nada en Cebreiros (Ávila), deixou unha profunda pegada na lírica galega grazas á súa estreita vinculación con Galicia tras casar co emigrante e tenor nado en Malpica de Bergantiños (A Coruña), Ignacio Varela (Navas Villalba, 2019). Tras o paso deste polos teatros habaneiros, actuar en San Petersburgo ante o zar e o debut do seu marido na Scala en 1895-96, a inicios do século XX establecéronse na Coruña, fundando unha academia de canto que se converteu nun referente do ensino vocal na rexión. O seu labor pedagóxico foi fundamental para a formación de novas xeracións de intérpretes, consolidando unha tradición vocal que perdura ata hoxe. A súa academia non só ofrecía formación técnica, senón que tamén promovía o repertorio galego, contribuíndo así á afirmación dunha identidade musical propia.

Ángeles Ottein (1895–1981) e a súa irmá, Ofelia Nieto (1898–1931), nadas en Algete (Madrid) pero compostelás de corazón, representan a consolidación dunha auténtica escola lírica galega con proxección nacional e internacional. O seu talento excepcional e a súa formación rigorosa leváronas a converterse en figuras destacadas da lírica española, actuando nos principais teatros do país e do estranxeiro (Santiago Montero, 1994). Máis aló dos seus logros artísticos, ambas desenvolveron un intenso labor pedagóxico, transmitindo a súa experiencia e saber a novas xeracións de cantantes. O seu compromiso co ensino vocal e o seu defensa do repertorio galego convértenas en paires fundamentais da tradición lírica de Galicia, cuxa influencia se estende ata os nosos días.

4.4. O século xx: gravacións, cine e consolidación institucional

O século xx supuxo un punto de inflexión na difusión e consolidación institucional do canto lírico, abrindo novas oportunidades para as intérpretes galegas e ampliando a súa proxección internacional.

Mary Isaura (1897-1982), pioneira neste ámbito, deixou un valioso testemuño sonoro en gravacións realizadas nos anos vinte. Estas gravacións permiten hoxe apreciar a súa voz e técnica interpretativa desde unha perspectiva histórica, converténdoa nunha figu a crave da lírica galega temperá.

Matilde Vázquez (1905-1992), soprano pontevedresa, consolidouse como unha figu a destacada no mundo da zarzuela e a opereta, tanto en España como en América. A súa incursión no cinema e a fundación da súa propia compañía lírica convértena nun exemplo de versatilidade artística e espírito emprendedor.

Lola Rodríguez Aragón (1910-1984), nacida en Logroño pero coruñesa de adopción, foi unha das grandes impulsoras do ensino vocal en España. Fundadora da Escola Superior de Canto e do Coro Nacional, o seu labor institucional foi decisivo para a profesionalización do canto lírico no país. O seu legado pedagóxico segue vivo na formación de novas xeracións de cantantes.

María Luisa Nache (1924-1985) encarna a excelencia artística e o compromiso coa docencia en Galicia. Tras unha brillante carreira internacional -que incluíu actuacións xunto a Maria Callas baixo a dirección de Leonard Bernstein-, regresou á súa Coruña natal para dedicarse ao ensino, contribuindo así á consolidación dunha sólida tradición vocal galega.

A este panorama súmanse outras figu as imprescindibles como Inés Rivadeneira (1928-2020), mezzosoprano nada en Lugo, que desenvolveu unha brillante carreira internacional en Francia e o Reino Unido. Foi recoñecida pola súa expresividade e versatilidade, interpretando máis de cen veces o papel de *Carmen* de G. Bizet e participando en estreas como *Don Perlimplín* en París ou *Soledad* no Gran Teatro do Liceo. Tras retirarse no Royal Albert Hall de Londres en 1973, dedicouse á docencia na Escola Superior de Canto (Pérez Fernández, 2019), deixando unha profunda pegada na formación vocal en España.

Ángeles Gulín (1939-2002), nacida en Ribadavia, foi unha das sopranos dramáticas máis destacadas da súa xeración. A súa voz poderosa e a súa presenza escénica levárona a interpretar papeis protagonistas nos principais teatros de Europa e América. Especialista no repertorio verdiano e deixou gravacións que aínda hoxe son referencia para os amantes da ópera pola súa gran técnica vocal e forza expresiva (Vela Parés, 2017).

Josefina Cubeiro (1944-2023), natural da Coruña, brillou tanto no ámbito da ópera como na zarzuela. A súa carreira desenvolveuse principalmente en España, onde foi unha presenza habitual no Teatro da Zarzuela e outros escenarios nacionais. Ademais do seu labor como intérprete, destacou polo seu compromiso co ensino, formando a novas xeracións de cantantes e contribuindo á continuidade da tradición lírica galega.

Todas elas enriqueceron o repertorio lírico con traxectorias diversas, pero unidas por unha profunda conexión coa identidade galega e un firme compromiso coa excelencia artística e pedagóxica.

4.5. Reflexións sobre repertorio, identidade e legado

Máis aló dos seus logros individuais, estas cantantes compartiron unha sensibilidade común cara ao repertorio galego, que souberon levar con orgullo a escenarios internacionais. Ao interpretar cancións tradicionais, converteron estas melodías en emblemas da súa identidade artística e en vehículos de conexión emocional con Galicia. Esta práctica non só reafirmou o seu vínculo coa terra natal, senón que tamén desempeñou un papel fundamental na difusión da cultura galega en contextos migratorios, onde a música actuou como unha ponte entre o lugar de orixe e os novos territorios de acollida.

Obras como *Un adiós a Mariquiña*, ou a famosa Cantiga (*Unha noite na eira do trigo*) con letra de Manuel Curros Enríquez e música de Juan José Castro «Chané», transformáronse en verdadeiros himnos da galegitude (Núñez Seixas, 2024, pp. 319-354). As nosas intérpretes levaron tales composicións por todo o mundo, chegando ás colectividades galegas no estranxeiro, que as recibían coa emoción de identificar nelas símbolos vivos da nostalxia e o arraigamento cara á distante Galicia.

O repertorio non só fortalecía o lazo con Galicia, senón que tamén funcionaba como un acto político e cultural en contextos de emigración e exilio, reivindicando a identidade galega desde a voz e a memoria.

O legado destas artistas maniféstase na consolidación dunha auténtica escola lírica galega, (Lorenzo Vizcaíno, 2024) caracterizada pola excelencia técnica, a transmisión pedagóxica e o compromiso coa memoria cultural. Lonxe de ser figu as anecdóticas, as súas traxectorias conforman un corpus significativo que enriquece a historia da música tanto en Galicia como no ámbito hispánico.

Un dos achados máis relevantes do estudo é precisamente a existencia desta escola lírica galega, sustentada en tres piares fundamentais:

- A transmisión interxeracional do coñecemento vocal.
- A creación de academias e espazos de formación.
- A defensa do repertorio galego como aceno de identidade.

Estas mulleres non só foron intérpretes, senón tamén mestras, empresarias e referentes culturais, todo iso en combinación coa súa vida persoal como esposas e nais e sostendo en moitas ocasións ás súas familias. O seu labor pedagóxico foi esencial para asegurar a continuidade da tradición lírica galega e a súa proxección internacional.

5. A modo de resumo

As conclusións obtivas tras o desenrolo do proxecto expositivo *Cantantes Líricas Galegas dos séculos XIX e XX* subliñan a súa relevancia non só como exercicio de recuperación histórica e cultural, senón especialmente como unha ferramenta pedagóxica innovadora e transformadora. Desde a súa concepción, a exposición foi pensada como un vehículo de transferencia de coñecemento cara á comunidade educativa, integrando contidos musicais, históricos e de xénero, nun formato accesible, creativo e tecnoloxicamente avanzado.

Un dos logros máis destacados do proxecto foi a elaboración dunha guía didáctica deseñada en colaboración con expertos en Tecnoloxía Educativa, que permite a súa aplicación en distintos niveis de ensino. Estas actividades, baseadas na gamificación e a aprendizaxe activa, facilitaron a apropiación do contido por parte do alumnado, fomentando a reflexión crítica sobre o papel da muller na historia da música e a construción da identidade cultural galega.

Ademais, a exposición foi recoñecida como recurso formativo en programas de posgraduado, integrándose na formación de doutorandos e promovendo o diálogo interdisciplinar entre a musicología, a historia, a educación e as humanidades dixitais. A implementación de ferramentas tecnolóxicas como a visita virtual 3D, desenvolta polo CESGA, ampliou o alcance do proxecto, permitindo o seu uso en contextos educativos remotos e favorecendo a inclusión dixital.

A dimensión pedagóxica do proxecto non se limita á transmisión de contidos, senón que propón unha experiencia educativa integral, na que o deseño escénico, os recursos documentais e as tecnoloxías emerxentes combínanse para xerar unha contorna de aprendizaxe significativa e enriquecida. Neste sentido, a exposición non só informa, senón que tamén inspira, emociona e estimula a participación activa do público, especialmente do estudiantado.

En definitiva, este proxecto demostrou que a educación musical pode e debe nutrirse da investigación histórica, a tecnoloxía e a innovación educativa para construír narrativas inclusivas, críticas e transformadoras. A exposición consolídase así como un modelo de transferencia educativa no ámbito das humanidades, capaz de conectar pasado e presente, arte e pedagogía, memoria e futuro.

Enlaces externos

Documentación exposición para descarga: <https://goo.su/DC23Gw>

Páxina web da mostra: www.liricsgalegas.com

Visita virtual interactiva: https://e-learning.cesga.es/expo_organistrum/



Acceso a visita
virtual da
exposición

**Cantantes Líricas
GALEGAS
DOS SÉCULOS XIX E XX**
DE GALICIA AOS TEATROS DE EUROPA, AMÉRICA E ÁFRICA

PROYECCIÓN
Doña Francisquita
(Hans Behrendt, 1934)

EXCLUSIVAS
ARAJOÚ
Presenta a
**Raquel
RODRIGO
Matilde
VAZQUEZ
Fernando
CORTÉS
VICO y
FÉLIX de POMÉS
en**

DOÑA FRANCISQUITA
INSPIRADA EN LA FAMOSA ZARZUELA DEL MAESTRO *Vives*

Presentación e comentarios: Prof. Xosé Nogueira (USC)
Facultade de Xeografía e Historia, 20 de novembro; 18:30 horas. Aula 10

USC FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA
AGENCIA GALGALIA DE INVESTIGACIÓN
Unión Europea
OTRO ORGANISTRUM
FILMOTECA ESPAÑOLA

La universalidad de las cantantes gallegas: Desde Galicia a la conquista del mundo, con la morriña en el corazón

María Luz González Peña
Archivo de la Sociedad General de Autores y Editores (SGAE)

Galicia y el Teatro Lírico

La relación de Galicia con el teatro lírico español, se remonta al menos hasta el siglo xvi, como constató el gran Luis Iglesias de Souza en su monumental obra *Teatro Lírico Español* (Iglesias de Souza, 1991). Así, el dramaturgo de Padrón, Juan González de Canabal, estrenó en su ciudad, varios autos sacramentales de los que no conocemos el compositor, como *La viña de Nabot*, 1566, *Judas Macabeo*, 1567, *La destrucción de Jerusalem*, 1569, y *Naal y David*, 1572. Ya en el siglo xviii, en 1738 se estrena en uno de los coliseos principales de Madrid, el Teatro de la Cruz, el melodrama *La fineza acreditada vence al poder del destino*, del compositor y maestro de capilla gallego Pedro Cifuentes Mazo. El 25 de julio de 1773, día de Santiago Apóstol, tiene lugar en Santiago de Compostela el estreno de la obra *De las venturas de España, Galicia es la mejor*, con libreto de José Amo de Leis y música de Bruno Chiodi. El 15 de agosto del año siguiente, 1774, Juan Pedro Almeida de Mota estrena en Mondoñedo *El matrimonio por compromiso*, de libretista desconocido. Un siglo más tarde, en 1865 se estrena en Pontevedra la zarzuela *Una palabra de honor*, de Ricardo Pérez Camino con libreto de Emilio Álvarez Jiménez. Sin estrenar quedó la zarzuela *Pedro Madruga*, de Marcial del Adalid con libreto de Fernando Alfonso Folgosio

En La Habana se estrenaron varias zarzuelas gallegas, comenzando con la de Felisindo Rego, ¡*Non máis emigración!*!, con libreto en gallego de Ramón Armada Teixeira, adaptación de su obra teatral homónima. «O cantor da Terriña», como se le conocía en La Habana, y así figura en su mausoleo del cementerio de Colón en la capital cubana, fue uno de los referentes de la literatura gallega en Cuba, donde fundó el periódico *A Gaita Gallega*, el primero en publicarse

íntegramente en gallego. El estreno de la zarzuela tuvo lugar en el Teatro Tacón de La Habana el 10 de abril de 1886. Cinco años después, en 1891 se estrenó el episodio lírico, *Viva Galicia*, de Luciano Aneiros Pazos y el 25 de julio de 1907, se estrenó en el Centro Gallego de La Habana, *O zoqueiro de Vilaboa*, zarzuela en un acto con letra y música de Alfredo Fernández (Nan de Allariz). A lo largo del siglo xx siguieron estrenándose obras gallegas y de autores gallegos, en España y en América Latina.

VVAA (2002). *Diccionario de la música española e hispanoamericana*. Madrid: Sociedad General de Autores y Editores de España.

VVAA (2003). *50 años de Ópera en La Coruña*. A Coruña: Diputación Provincial da Coruña.

VVAA (2003). *Diccionario de la Zarzuela: España e Hispanoamérica*. Madrid: ICCMU.

VVAA (2023). *La Zarzuela. Patrimonio de la Hispanidad. Crónica cantada de nuestra vida*. Madrid: INAEM.

CIEN GALLEGOS ILUSTRES

BENITA MORENO

LEGÍTIMA gloria regional es la eximia artista cuyo nombre encabeza estas líneas, Benita Moreno, la célebre cantante española, una de las más revelantes figuras teatrales del pasado siglo, vió la luz en la ciudad herculina el 1º de noviembre de 1792.

Desde su más tierna edad demostró sus excepcionales dotes para el canto, y en unión de su hermana Francisca, nacida en la Villa y Corte, unos diez y ocho meses antes que ella y que reunía asimismo en grado sumo innatas cualidades para la escena, educó y perfeccionó los encantos de su dulce y melodiosa voz; y cuando, entradas en el tercer decenio de su existencia, volvían a España, los dos notabilísimos conciertos dados en Madrid en octubre de 1814 les valieron sendos triunfos artísticos y pecuniarios.

La fama de las hermanas Moreno comenzó a extenderse por todas partes; no obstante su mayor éxito fué acaso el obtenido dos años más tarde cuando después de una brillante "tourné" por el extranjero representaron por primera vez en la capital española, con motivo de la celebración del segundo matrimonio de Fernando VII con la princesa doña María Isabel de Portugal, la ópera bufa *La Italiana en Argel* debida a la pluma de Arelli y a la que había puesto música el inmortal compositor de Pávaro, Rosini, a la temprana edad de veintin años. La representación de dicha obra, acabada de traducir al idioma nacional, y a la que asistió lo más selecto de la nobleza española, les valió ruidosos aplausos.

Desde entonces la reputación de las excelsas artistas se hizo universal. Benita vióse continuamente agasajada y distinguida por la corte del monarca español, los triunfos que en su difícil arte obtuvo en numerosas poblaciones de España y del extranjero se cuentan por centenares.

La introducción de la ópera italiana en nuestra patria, hasta entonces desconocida, la hizo popular en toda la Península; sus superiores cualidades físicas escénicas le facilitaron el éxito en otras naciones. Su nombre perdurará en los anales del arte lo que éste dure sobre la tierra.

Nuestra biografiada murió en Puente del Arzobispo (Toledo) el 29 de enero de 1872, a la avanzada edad de 79 años.

Modesto Grandío Parapar.

Benita Moreno

A Coruña, 1792 – Puente del Arzobispo (Toledo), 1872



Reconstrución de Juan Comba del Corral do antigo Corral de la Pacheca de Madrid, futuro Teatro del Príncipe. [Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes].

Cien Gallegos Ilustres. Benita Moreno por Modesto Grandío Parapar. Eco de Galicia: revista ilustrada y de la información de la colonia gallega en Cuba (La Habana), nº 364, 15 de outubro de 1933.

Benita Moreno era a filla menor de Francisco Javier Moreno, compositor madrileño, «cuarto e cámara» do infante Gabriel de Borbón. Chegou a Galicia, pois ao falecer o seu patrón e quedar sen traballo, obtivo unha praza como violín na orquestra da catedral compostelá no ano 1792. José Subirá indica que en 1802 Benita e a súa irmán maior, Francisca, acompañadas de seu pai, trasladáronse a Italia para adquirir a mellor formación musical como cantantes, achegándose de xeito directo ás novidades que se estaban producindo co nacemento do novo belcanto.

A saída en público de Benita tivo lugar en 1808, na Fenice de Venecia, con *La festa della rosa* de Stefano Pavesi, obtendo tal éxito que iniciou unha carreira que a levaría polos teatros e públicos italianos (Padua, Ravena, Milán, Boloña), franceses (París, Toulouse, Burdeos) e como indica Saldoni, xermanos.



A inicios do século XIX as dúas irmás, regresaron a España e mercaron unha quinta nos arrabales de Madrid á que chamaron *Chambery* en «recordo da vila que tiveran en París», sinalando as orixes do máis castizo dos distritos madrileños. Despois do seu retorno ambas frecuentaron os teatros e salóns madrileños, cantando tamén en Barcelona, Bilbao, Cádiz, Valencia,

Valladolid ou Zaragoza. En Madrid, Benita foi primeira tiple no Teatro de la Cruz e no Teatro del Príncipe, acadando grandísima popularidade. Tal era a súa consideración que, malia que neses anos convulsos da historia de España interpretaba nos intermedios das funcións himnos patrióticos en apoio de Riego e dos liberais, contaron co favor do Rei Fernando VII e da súa corte. Especialmente célebres foron as interpretacións de Benita como Isabella en *L'italiana en Algeri* [G. Rossini] -cantouna en castelán con motivo da voda de Fernando VII con Isabel de Braganza- e Flora en *Marco Antonio y la modista* [S. Pavesi].


Tivo dúas fillas que tamén foron grandes cantantes líricas, iniciadas no canto pola súa nai: Ánxela Moreno de Farro, educada durante a súa estadía en Boloña e Luísa Santamaría (1827-1883), educada en París e casada co avogado compostelán Juan Losada Astray. O nome de Benita quedou para sempre unido ao feito de ser a introdutora do canto rossiniano en España, e así foi recoñecida internacionalmente, de xeito que a noticia do seu pasamento recolleuse nalgunhas das principais revistas e almanaques musicais de Alemaña, España, Francia, Italia, Reino Unido e incluso dos Estados Unidos.



La festa della rosa de Stefano Pavesi, ópera representada o 27 de abril de 1808 no Teatro la Fenice de Venecia, onde Benita Moreno interpretou o papel de Catterina [Venecia. Archivio Storico Teatro La Fenice].



Himno cantado en eloxio de Rafael del Riego no Coliseo del Príncipe de Madrid por Benita Moreno, con nova música de Esteban Moreno. Interpretouse no entreacto da ópera de Stefano Pavesi, *Marco Antonio y la modista* [Madrid. Biblioteca Nacional de España].



Libreto da ópera bufa *Marco Antonio y la modista*, Stefano Pavesi, Teatro Principal de Valencia, 1827 [Madrid. Biblioteca Nacional de España].



Ángela Moreno de Farro, filla de Benita Moreno [Biblioteca Nacional de España]



Luisa Santamaría Moreno, filla de Benita Moreno, no papel de Margarita de Navarra na zarzuela *Ardides y cuchilladas*, libreto de Juan Belza e música de Antonio Reparaz. Madrid. Teatro Circo, febreiro de 1861 [Barcelona. Centre de documentació i Museu de les Arts Escèniques].

ARZA PILILI
CANCION GARITANA AGITANADA
 CON ACOMPAÑAMIENTO DE PIANO PORTE Y GUITARRA:
 CANTADA EN EL TEATRO DEL PRINCIPE
 EN LA OPERA MARCO ANTONIO Y LA MODISTA
 POR LA S.^{RA} BENITA MORENO
 PRIMERA CANTADORA EN DICHO TEATRO. Pie. 5. 4/4

Andante.

GUITARRA
 CANTO
 PIANO

Se halla en la Librería de Ortega, calle de carretas.
199

R. 4201494

Canción Patriótica en eloxio de Rafael del Riego, cantada en Coliseo do Príncipe de Madrid por Benita Moreno, con música de Esteban Moreno. Interpretouse no entreacto da ópera de Stefano Pavesi, *Marco Antonio y la modista*. [Madrid, Biblioteca Nacional de España].

25

ODA C^o-662-241
A LA S.^{RA} BENITA
 MORENO.
 POR
 D. MANUEL NAVAS.
 CADIZ.
 Con licencia; Imprenta de Hércules,
 Año de 1818.

Echa 28 de Mayo de 1818.

Oda a Benita Moreno. Cádiz, 1818. [Madrid, Biblioteca Nacional de España].

Cristina Villó

A Coruña, 1814 – Valencia, 1884



Cristina Villó no papel principal da ópera *Norma* Vincenzo Bellini. Gravado de A. Gómez y Cros para *El entreacto*, núm. 16. [Madrid. Biblioteca Nacional de España].

Aínda que as fontes proporcionan diversos anos de nacemento, Cristina Antera Villó veu ao mundo en A Coruña sendo filla de Ventura Villó, músico militar, e de Micaela Montesinos. Moi cativa, seu pai foi trasladado á Corte, percorrendo despois diversas cidades; paralelamente montou unha compañía de zarzuela e neste ambiente artístico foi onde Cristina e os seus irmáns comezaron á aprendizaxe musical. Baltasar Saldoni, no seu *Diccionario* (1868), conta que foi a primeira muller pensionada pola raíña María Cristina para estudar música, de xeito que, cando se o Real Conservatorio en 1830, pasou a recibir aulas de Ramón Carnicer coma alumna externa.

Ese mesmo ano presentouse en Zaragoza con *Il barbiere di Siviglia*, de Rossini e en 1834 en Madrid, marchando logo para cantar no recentemente inaugurado Teatro Sao Carlos de Lisboa. De retorno a España moveuse polos teatros andaluces, casando en Granada en 1836 co tenor Félix Ramos, de quen tomou o seu primeiro nome artístico: Cristina Ramos. En 1839 volve a Madrid, como *prima donna* do Teatro de la Cruz, marchando a Italia en 1841 contratada polos teatros de Turín; nesta cidade pesentouse como Cristina Ramos-Villó debutando no Teatro Carignano con *L' straniera* de Bellini.

Foi en Milán onde coincidiu con Donizetti quen, tras acompañala ao piano nunha aria de *Lucrezia Borgia*, eloxiou a fermosura da súa voz. Trasládouse logo a Ámsterdam, acadando tanta popularidade que os habitantes da cidade a sorprendían

con continuos agasallos espontáneos. Dende alí foi chamada pola Real Ópera de Bruxelas para cantar *Norma* e en 1843 regresou novamente a Madrid contratada como *prima donna* e *prima donna assoluta* nos Teatros de la Cruz y del Circo.

Tras unha nova xira por Andalucía, instalouse definitivamente en Valencia onde, en 1847, casou en segundas nupcias co dourador José de Chulbi. Prosegiu actuando no Teatro Principal da cidade e ampliando repertorio, chegando a cantar nos últimos anos de carreira artística *La traviata* e *Rigoletto* e zarzuelas de Gaztambide, Barbieri e Soriano Fuertes. A partir de 1853, as novas sobre Cristina Villó desaparecen dos xornais o que levou aos seus primeiros biógrafos a datar entón o seu pasamento e contextualizalo en Milán, durante unha segunda viaxe a Italia. Hoxe sabemos con seguridade que o óbito tivo lugar en Valencia en 1884 e que, simplemente, se tiña retirado dos escenarios trinta anos antes.

Polo repertorio e críticas contemporáneas debeu contar cun completo rexistro de soprano lírico-dramática. A fama acadada por Cristina Villó en vida levou cedo a tratala como unha das máis importantes cantantes líricas españolas da primeira metade do s. xix. Dende a chegada do *Rexurdimento* a súa figura comezou reivindicarse como unha das grandes fillas de Galicia, feito que continuou a finais do s. xix e na primeira metade do xx da man de figuras como Antonio Silvosa e Modesto Grandío Parapar.



Retrato de Cristina Ramos Villó, aparecido como regalo para suscriptores en *El Orfeo Andaluz* (Sevilla), 1842 [Madrid. Biblioteca Nacional de España].





Libreto da ópera *La straniera* de Vincenzo Bellini, con C. Villó como prima donna. Turín, Teatro Carignano, 1842 [Turín. Biblioteca Nazionale Universitaria].



Biografía de Cristina Villó. *El Fénix* (Valencia), nº 124, 13 de febreiro de 1848.



Soneto dedicado a Cristina Villó. *El Fénix* (Valencia), nº 25, 22 de marzo de 1846.



Libreto da ópera *Belisario* de Gaetano Donizetti. Madrid, Teatro Circo, 1843. Cristina Villó aparece no papel de Antonia e Carlota Villó no de Irene [Madrid. Biblioteca Nacional de España].



Partitura das *Variaciones sobre o terzetto da ópera Lucrezia Borgia* de G. Donizetti, para piano, de C. Ambite en «recurso de la Villó». Madrid: Lodre editor, ca. 1856 [Madrid. Biblioteca Nacional de España].



Número *128*

Valencia *diez y seis* de *Febrero* de mil ochocientos cuarenta y siete.

D. Vicente Chulvi
 natural de *Valencia* provincia de *Valencia*
 de edad de *veinte y nueve años*
 su estado *soltero*
 de profesion *dorador*
 contrae matrimonio con *Doña Cristina Villó*
 natural de *Coruña* provincia de *Coruña*
 de edad de *veinte y ocho años*
 su estado *viuda*
 Viven en *Sala*
 Se desposan en la parroquia de *S. Andrés*

Padres del contrayente.	Pueblo de su naturaleza.	Provincia.
<i>Vicente Chulvi</i>	<i>Sala</i>	<i>Valencia</i>
<i>Doña S. Lledo</i>	<i>Sala</i>	<i>Valencia</i>
Padres de la contrayente.		
<i>Verónica Villó</i>	<i>Barcelona</i>	<i>Cataluña</i>
<i>Micaela Montenegro</i>	<i>S. J. de los Rios</i>	<i>Castellón</i>

Partida de matrimonio de Cristina Villó con Vicente Chulvi. Valencia, 6 de febrero de 1847. [Reproducción. Valencia, Archivo Histórico Municipal de Valencia].

462

TEATRO.

Gran Funcion lírica para el Sábado 28 de Junio de 1845.

BENEFICIO
DE
DOÑA CRISTINA VILLÓ.

Dispuesta siempre la Empresa á premiar el mérito y estimular la laboriosidad de los artistas, ha concedido á la Sra. VILLÓ un nuevo beneficio, además del que tenia contratado, y ejecutó el 20 del corriente; y deseando aquella corresponder á los deseos manifestados por muchas personas de que repitiese ántes de terminar la temporada algunas piezas de las que mas complacido se ha mostrado el público, ha dispuesto para el día de mañana la funcion siguiente:

1º SEGUNDO ACTO de la ópera del *Mtro. Verdi*,

NABUCODONOSOR,
Rei de Babilonia.

2º TERCER ACTO de la misma.
3º CAVATINA de

ROBERTO EL DIABLO,
del *Mtro. Meyerbeer*, por la Sra. Villó.
4º Sinfonia de la *GAZZA LADRA*.
5º VARIACIONES de la

IPERMESTRA,
del *Mtro. Saldoni*, por la misma Sra. Villó.

La interesada desearia encontrar frases bastante elocuentes para manifestar su reconocimiento á un público que tantas muestras de aprecio le dispensa. Pero en la imposibilidad de expresar con palabras lo que siente su corazón, se limitará á asegurar que siempre considerará como un deber sagrado el reconocer y confesar, que si algo ha podido adelantar en el arte difícil que profesa, lo debe todo á la bondad con que la alentó un dia en sus primeros ensayos el ilustrado público de Valencia.

A las 8 y media. A 4 rs. vn.

Valencia, Imp. de J. Ferrer de Orga.

Cartel da función do 28 de xuño de 1845 no Teatro Principal de Valencia, a beneficio de Cristina Villó. [Reproducción. Parnaseo, Servidor Web de Literatura Española].



CRISTINA VILLÓ
Famosa cantante gallega

La fama de algunas artistas de nuestro teatro de antaño permanece en el olvido, entre las hojas de los libros que en los estantes de algunas bibliotecas pasan décadas y décadas de años sin que nadie vaya á revolverlos ni á exhumar la historia, bien efímera por cierto, de muchos artistas que fueron tan famosos ó más que los que en la actualidad hacen gemir á la Prensa y se llevan de calle al público amante de la música, el canto y la declamación.

¿Quién se acuerda de la Villó?... Aquella admirable cantante, cuya popularidad le obligó á privarse de salir á comprar en las tiendas de la Villa y Corte, porque no había comercio en el que quisieran recibir el importe de los géneros que elegía.

Cristina Villó nació en Galicia en el año 1818. Fué hija de un músico mayor de regimiento que tuvo que trasladarse á Madrid cuando la que había de ser la admiración de los profesionales apenas si contaba algunos meses. Desde su más tierna edad mostró Cristina tal afición á la música, que, lleva-

Fotografía de Cristina Villó. *La Esfera*, 24 de maio de 1924. [Fondo particular].

Irmáns Villó

Elisa



Retrato de Elisa Villó de Genovés publicada en *El Consueta. Revista Ilustrada de Teatros*. «Litografía de Larau, calle de Santiago Valladolid» [Madrid. Biblioteca Nacional de España]

Discípula de Baltasar Saldoni no Conservatorio de Madrid, foi tiple na compañía do Teatro del Circo e noutros da cidade como o Teatro da Zarzuela. En 1851 casou co compositor zaragozano Tomás Genovés, pasando a integrarse na compañía lírica que fundara. Tamén formou parte da compañía de C. Oudrid. Cantou nos teatros de Barcelona, Cádiz, Córdoba, Salamanca, Valencia, ou Valladolid e en 1861 atopámola en Sevilla, actuando no *Teatro de los bufos sevillanos*. Foi nai de Felipa Genovés Villó que casaría en Pontevedra o 7 de decembro de 1903 co escritor Enrique Labarta Pose.

Carlota

Valladolid, 1828-Pontevedra 1903



Poesía de José María Albuérne dedicado a Carlota Villó. *El recreo compostelano*, 26 de setembro de 1842.

Estudou música co seu pai, ingresando logo no Conservatorio de Madrid. Formou parte da compañía do Teatro de la Cruz da capital e nos anos 1855 e 1856 atopámola nos teatros da Habana e Cidade de México respectivamente, coma intérprete de zarzuela. Posuímos referencias súas cantando ópera italiana e facendo parella escénica con Cristina ou con Matilde. Cantou zarzuela nos teatros galegos e pasou a etapa final da súa vida unto a Matilde, en Pontevedra, na vila que mercaran no barrio do Burgo.

Matilde

Burgos, 1826-Pontevedra,1905



Fotografía de Matilde Villó 1874-1875. Fotógrafo: R. Castro [Barcelona. Centre de documentació i Museu de les Arts Escèniques] Fotografía coloreada, manipulada mediante IA.

Foi unha das tiples de zarzuela mais destacada do século XIX. Educada no ambiente familiar e nas aulas de Saldoni no Real Conservatorio, cantou ópera e zarzuela en Madrid e tamén nas compañías de ópera italiana que houbo en Barcelona, Cádiz, Córdoba, Madrid, Sevilla ou Valladolid. Retirada dos escenarios e acompañada pola súa irmán Carlota, veu vivir a Pontevedra no barrio do Burgo onde faleceu.

Rosario Salgado

Pontedeume (A Coruña), 1847 – Vigo, 1932



Retrato de Rosario Salgado publicado en *Coruña moderna. Revista semanal* (A Coruña), 30 de xullo de 1905. [Reproducción. A Coruña, Real Academia Galega].

Rosario Salgado López, comezou cantando no coro das Fillas de María durante as cerimoniais da igrexa parroquial do seu Pontedeume natal.

Estudou na Escola Normal de A Coruña, emigrando a Arxentina coa súa familia. Foi en Bos Aires onde, en 1898 e tras cantar nun concerto no Club Español, se lle recomendou pasara estudar en Milán, trasladándose a esta cidade para recibir leccións de canto e de interpretación. A partires de entón e tralo seu debut, cantou en Novara, onde mereceu os eloxios de Leoncavallo, Milán, Nápoles, Brescia, París e Río de Janeiro, así coma noutros de Austria e Turquía. En 1902 casou co empresario vigués Ricardo Pereyra Silva e, tralo seu regreso definitivo a Arxentina, participou na velada que o Orfeón Gallego Primitivo dedicou a Pascual Veiga en outubro de 1906; para a ocasión interpretou a cantiga *Terriña* con letra de Xosé R. Lence e música do compositor Egidio Paz Hermo, nacido na Pobra do Caramiñal e emigrado a Arxentina.

Pero a súa verdadeira vocación foi o ensino, facendo unha gran labor pedagóxica coma Directora das Aulas de Música das Escolas Normais de Mestras en Arxentina. Dirixindo coros participou en 1920 nas celebracións do centenario da independencia Arxentina e en 1922 nas da independencia de Brasil. Con motivo da súa xubilación en 1929, o Consello Nacional de Educación, rendeu-lle un emocionado homenaxe que foi cualificado pola prensa arxentina e española coma un verdadeiro «canto de amor a Galicia». Polas noticias que nos refiren en as crónicas contemporáneas pódese deducir que posuía unha voz de mezzosoprano cun expresivo color nos graves, propio para dar vida a roles coma os de Azucena en *Il trovatore* [G. Verdi], Orsini en *Lucrezia Borgia* [G. Donizetti], Siebel no *Fausto* [Ch. Gounod] ou Santuzza en *Cavalleria rusticana* [P. Mascagni].

Asunción R. Lantes

Ferrol, 1869 – Madrid, 1915




Retrato de Asunción Rodríguez Lantes publicado no argumento da ópera *Aida*, de Giuseppe Verdi, para a función do 17 de novembro de 1893 no Teatro Degollado de Guadalajara (México) [Santiago de Compostela. Arquivo particular].

Asunción R. Lantes naceu en Ferrol e alí iniciou a súa formación da man do músico de fragata, Ventura Rey.

En 1886, trasladouse coa súa nai vivir a Madrid, ingresando na Escuela Nacional de Música, na clase de José de Inzenga. Aos poucos meses obtivo unha bolsa do Ministerio de Fomento, finalizando os seus estudos oficiais só en dous anos e obtendo o segundo premio na especialidade de canto. Na tempada 1884-1885 entrou a formar parte da compañía de ópera do Teatro Real, compartindo cadro con Eva Tetrazzini, para cantar *Aida*, debut no que, afectada por problemas de saúde, obtivo un éxito discreto. Aconsellada por Gayarre e sufragada pola Deputación Provincial e o Concello de Ferrol, de Madrid marchou a Milán, recibindo aulas de Catalina Ferny e presentándose en 1894 no Teatro Carlo Felice de Xénova. Cantou tamén na Fenice de Venecia e nos teatros de Trieste e de Palermo, viaxando logo a Hungría, Polonia e Rusia.

En 1893 foi contratada como *primeira tiple dramática absoluta* pola compañía de ópera de Napoleón Sieni, emprendendo

unha xira que a levaría a actuar no Teatro Degollado de Guadalajara (México) -onde Manuel Gutiérrez Nájera e Amado Nervo adicáronlle eloxiosas crónicas de prensa- e no Teatro Tacón da Habana. Neste último, na tarde do 22 de Nadal de 1894 e mentres daba vida ao papel de Desdémona no *Otello* de Verdi, nun dos intermedios abriuse o telón e apareceu a Lantes vestida de galega, arroupada pola escenografía dunha pequena aldea, para entoar a canción *Adiós a Mariquiña* do compostelán Xosé Castro «Chané». A estes elementos somouse a presenza entre o público de Manuel Curros Enríquez, autor do texto, o que provocou o delirio colectivo e converteu á cantante en lenda para os galegos. Tiña rexistro de soprano dramática e entre os roles que mais fama lle deron atópanse os de *Aida*, na ópera homónima, Desdémona en *Otello* e Gilda en *Rigoletto* [Verdi], Valentina en *Les Huguenots* [J. Meyerbeer], Margarita en *Fausto* [Ch. Gounod], Elena en *Mefistófele* [A. Boito], Santuzza en *Cavallería rusticana* [P. Mascagni] e Nedda en *Pagliacci* [R. Leoncavallo].



PERSONAGGI

OTELLO, mozo, generale dell'Armata Veneta... Tenore J. Damiani
 JAGO, aliere... Baritono J. Lantés
 CASSIO, capo di squadra... Tenore G. Montes
 RODERIGO, gentiluomo Veneziano... Tenore G. Montes
 LODOVICO, ambasciatore della Repubblica Veneta... Basso J. Lantés
 MONTANO, predecessore d'Otello nel governo dell'isola di Cipro... Basso J. Lantés
 UN ARALDO... Basso J. Lantés
 DESDEMONA, moglie d'Otello... Soprano M. Kupper-Berger
 EMILIA, moglie di Jago... Mezzo-Soprano M. Kupper-Berger

Soldati e Marinai della Repubblica Veneta.
 Gentiluomini e Gentililuomini Veneziani. — Popolani Ciprioti d'ambo i sessi.
 Uomini d'arme Greci, Dalmati, Albanesi. — Fanciulli dell'isola.
 Un Taverniere. — Quattro servi di taverna. — Bassa curia.

SCENA: UNA CITTÀ DI MARE NELL' ISOLA DI CIPRO.

ÈPOCA: LA FINE DEL SECOLO XV.

Libreto da ópera *Otello* de Giuseppe Verdi da representación do 17 de febreiro de 1892 no que Asunción Rodríguez Lantes interpretou o papel de Desdemona. Venecia, Teatro La Fenice [Venecia. Archivio Storico del Teatro La Fenice].

Recita 24

TEATRO LA FENICE
 VENEZIA
MERCOLEDÌ 17 FEBBRAIO 1892 ore 8 1/2 presto

PRIMA RAPPRESENTAZIONE

OTELLO

di GIUSEPPE VERDI

CAV. GAETANO CIMINI

PREZZI PER DETTA SERA
 Degno di Plata e PAU 1.4 — No sigi affitti di audere L. 200 — Per milioni di lara lara e lancia L. 200

Avendo la sig. DAMERINI terminati i suoi impegni la parte di DESDEMONA nell'opera OTELLO viene assunta per alcune recite dalla sig. A LANTES e poscia dalla sig. M. KUPFER-BERGER espressamente scritturata.

Cartel da ópera *Otello* de Giuseppe Verdi da representación do 17 de febreiro de 1892 no que Asunción Rodríguez Lantes interpretou o papel de Desdemona. Venecia, Teatro La Fenice [Venecia. Archivio Storico del Teatro La Fenice].

A NOSA TERRA

ASO I NUM. 3 Coruña 18 de Agosto de 1907

JOSÉ CASTRO CHANÉ

Después de una larga ausencia, regresa al hogar querido, no para descansar en él, cual acradalado indiano, tras una vida activa de luchas y sinsabores: su viaje a través una elevada misión, misión noble, eminentemente altruista.

Viene, como el general griego llamado por la patria, que precisa de sus auxilios; y á ese llamamiento acude presuroso el artista con sus talentos encarnados en su música inspirada y en su admirable bantismo artístico en el Certámen Musical celebrado en Pontevedra el año de 1880, dirigiendo aquel famoso *Orfeón Corués* primitivo que Pascual Veiga fundara y educara, y que acababa de abandonar poco tiempo antes. En aquel paque lucó Chané con ventaja contra Veiga, el célebre Montes y otros maestros de significación probada, obteniendo un rudividioso triunfo.

En aquella fiesta se registra otra efeméride gloriosa: Veiga, con el *Orfeón Liceo Brigantino* hizo oír allí, por vez primera, su inmortal *Alborada*, que fuépreciado jalón del experimentan las consecuencias de su sensible extranamiento.

La estancia de Castro Chané en la Coruña, es corta: no viene, repetimos, tal indiano enriquecido, porque es un sacerdote del arte; y el arte, salvo alguna que otra excepción, no produce riquezas; pero en cambio crea genios.

Saludamos, pues, al genio de Castro Chané.

Después de una larga ausencia, regresa al hogar querido, no para descansar en él, cual acradalado indiano, tras una vida activa de luchas y sinsabores: su viaje a través una elevada misión, misión noble, eminentemente altruista.

Viene, como el general griego llamado por la patria, que precisa de sus auxilios; y á ese llamamiento acude presuroso el artista con sus talentos encarnados en su música inspirada y en su admirable bantismo artístico en el Certámen Musical celebrado en Pontevedra el año de 1880, dirigiendo aquel famoso *Orfeón Corués* primitivo que Pascual Veiga fundara y educara, y que acababa de abandonar poco tiempo antes. En aquel paque lucó Chané con ventaja contra Veiga, el célebre Montes y otros maestros de significación probada, obteniendo un rudividioso triunfo.

En aquella fiesta se registra otra efeméride gloriosa: Veiga, con el *Orfeón Liceo Brigantino* hizo oír allí, por vez primera, su inmortal *Alborada*, que fuépreciado jalón del experimentan las consecuencias de su sensible extranamiento.

La estancia de Castro Chané en la Coruña, es corta: no viene, repetimos, tal indiano enriquecido, porque es un sacerdote del arte; y el arte, salvo alguna que otra excepción, no produce riquezas; pero en cambio crea genios.

Saludamos, pues, al genio de Castro Chané.

Noticia sobre a representación da ópera *Otello* de Giuseppe Verdi o 22 de decembro 1894 no Teatro Tacón de La Habana (Cuba) na que participou Asunción Rodríguez Lantes; no entreacto, a cantante interpretou a cantiga galega *Un adiós a Mariquiña* con letra de Manuel Curros Enríquez e música de José Castro Chané. *A nosa terra* (A Coruña), n.º 3, 18 de agosto de 1907.

A NOSA TERRA

NUM. 3

SUMARIO

UNHA CANTIGA DE CHANÉ

Qué ovacion non vista recibes n-aquel momento Chané. Curros Enríquez, qu' estaba n-un palco, tivo que saír contra da sua voluntade ao escenario, á recibir a aprobación rescoito dos gallegos. Abrazáronse entóns o poeta da palabra e o poeta da música, as dúas manifestacións máis puras da alma celtica; y-entóns, posto o público de pé, como obedecendo á un mesmo pensamento, exultaron os aires e un viva Galicia!

O meu amigo Cosme, palido, tremante, balbucando-lle as bálgas nos ollos, tamen apraudo, tamen do, patriótico viva.

Asícosme, díxome cando tornábamos para a casa.—Chané é mais Curros foron esta noite os meus redutores. Un sentimento que me fai tanto ben esperar no máis fondo da miña alma esta miña saudosa y-esta moiga fala da terra onde nac'u. Si; reconozco agora que Galicia sin pode sin debe morrer. A liberdá, a fraternidá entre os homes debe començar respaldando aquilo que é obra da natureza. Desde hoxe, meu querido Asencio, quero ser máis que teu amigo e compadre, quero ser tamen teu irmán xa que reconozco que temos unha mesma nai Galicia.

De re orfeónica

Las sombras gloriosas de Veiga, de Montes, de Pacheco, de Adad, de Berro, de Brañas Muños, de Santos, los legítimos progenitores de nuestros celebrados Orfeones y los primeros cultivadores de nuestro canto popular, interrumpían en estos días la quietud eterna de las tumbas, empujándose de su patriótica obra, que nunca para dar vigoroso empuje á las actables corrientes de fraternidad gallega.

Para realizar la transcendencia del festival organizado por la *Liga de Amigos de la Coruña*, viene desde el continente americano un maestro que es como la evocación viva palpitante de los orígenes de aquellas huestes, y cuando se halla en el solar de la infancia, y en la amorosa compañía de los suyos, los auxiliares de las virjas sonadas campasas, no dejara de advertir ese reencuentro de la música del país, viendo cómo las Sociedades corales se multiplicaron tras un paréntesis de diez años, impuesto por la muerte implacable y por la emigración dolorosa, y cómo la transformación de nuestras melodías es el *fiel* y en las amplias proporciones del género coral y del género simfonico, fué difundido por todos los ámbitos de España y remontado el vuelo más allá de las fronteras.

Quiera el destino tener reservada á Castro Chané alguna sorpresa en el auge avance de la manifestación más pura, más extendida del Arte regional.

Desgraciadamente no es así.

Apártanos de nosotros el riesgo de probar el santuario de la composición, cuyos puercos están cerrados de escite gallego que atesora las partituras recientemente publicadas. Pero quisiera fícho exhalar una queja, la que arranca á nuestra alma el sistemático empeño de reducir la labor artística de los orfeonistas de Galicia, á la función mecánica de *arrobizatas*, sin dominio de las naciones más rítmicas de la tierra.

No responde el procedimiento al designio de Baequillon Wilson, cuando instauró el canto coral en Francia. Por los medios que le había sugerido en celo, un entusiasmo y su inteligencia, ha no por de un ideal determinado, el de la educación popular dentro de la esfera de la música, y es incomprensible que en los comienzos del siglo xx y á la hora en que España fué la redención

Noticia sobre a representación da ópera *Otello* de Giuseppe Verdi o 22 de decembro 1894 no Teatro Tacón de La Habana (Cuba) na que participou Asunción Rodríguez Lantes; no entreacto, a cantante interpretou a cantiga galega *Un adiós a Mariquiña* con letra de Manuel Curros Enríquez e música de José Castro Chané. *A nosa terra* (A Coruña), n.º 3, 18 de agosto de 1907.

Carolina Casanova de Cepeda

Ferrol, 1847 – Madrid, 1910



Fotografía de Carolina Casanova, 1890/1900, fotógrafo Antoni Esplugas [Barcelona. Centre de documentació i Museu de les Arts Escèniques]. Fotografía coloreada, manipulada mediante IA.


Iniciou a súa formación artística en Ferrol co mestre mestre Piñeiro, director do Teatro Filharmónico da cidade. Súa carreira iniciou sendo moi nova, pois debutou con só 15 anos no Teatro de la Zarzuela de Madrid coa compañía de Macucci. Alí tivo ocasión de coñecer a Gayarre con quen faría parella en moitas ocasións e de quen recibiu moitos consellos.

Acudiu a Roma a perfeccionarse como cantante e formou parte da compañía do Teatro Real nas temporadas de 1872 a 1888, actuando tamén no Gran Teatre do Liceu entre 1883 e 1889. Viaxeira incansábel, a súa voz e gran presenza escénica, levouna a percorrer os teatros de toda Europa, dende Lisboa ata San Petersburgo: Teatro Regio de Turín, Comunal de Boloña, Regio de Parma, San Carlo de Nápoles, dal Verme de Milán, San João do Oporto, San Carlos de Lisboa, Ópera de París, Covent Garden de Londres, Ópera de Gottemburgo. Fixo xiras americanas polo Brasil, onde foi unha artista moi apreciada, Perú, Arxentina, Chile, Costa Rica e Uruguai.

En 1868 casou co compositor e director de orquestra Luis Rodríguez de Cepeda, adoptando o seu segundo apelido como nome artístico: Carolina de Cepeda. Muller valente e dotada dunha gran forza interior, foi nai de dous fillos nados en París e Madrid sen interromper por iso a súa carreira artística. Enviudou en 1889 e tras unha vertixinosa vida artística, foise

retirando paulatinamente dos escenarios. En 1892 pasou a ser a primeira muller en ocupar a praza de canto na Escuela Nacional de Música y Declamación de Madrid, algo inusitado xa que nas institucións oficiais o canto adoitaba ser ensinado por homes. Ademais, Carolina Casanova deu aulas tanto a mulleres coma a homes, algo tamén infrecuente por entón. Seguiu traballando de xeito privado ate pouco antes de falecer en Madrid, en febreiro de 1910.


Os roles que interpretou Carolina Casanova móstranse tan variados como versátil debeu ser a súa voz de soprano, comparada na época coas de Giulia Grissi e Giuditta Pasta. Cantou moitas das heroínas románticas de Bellini e Donizetti [*Norma*, *La sonámbula*, *Linda de Chamounix*, *María de Rohan*, *Lucrezia Borgia*, *Poliuto*], aínda que os seus roles máis característicos foron os das grandes protagonistas verdianas de *La traviata*, *Ernani*, *Il trovatore*, *Rigoletto*, *Un ballo in maschera* ou *Aida*. A súa musicalidade innata fíxolle abordar roles mozartianos [*Le nozze di Figaro*, *Don Giovanni*] e wagnerianos [*Lohengrin* e *Tanhuässer*]. Tiña especial predilección polas ópera de Meyerbeer, *Les Huguenots*, *Le prophète*, *L'africaine* e *Robert le diable*. e cantou tamén música española, protagonizando reposicións de obras como *Los amantes de Teruel* de T. Bretón ou *Marina* de E. Arrieta.



Retrato de Carolina Casanova de Cepeda. *El teatro, revista de espectáculos*, año III, Madrid, 13 de febreiro de 1910.



D.ª Carolina Casanova de Cepeda.



Fotografía e pequena biografía, de Carolina Casanova publicadas en 1924 no livro *Retratos de mujeres españolas del siglo XIX* de Joaquín Ezquerro del Bayo e Luis Pérez Bueno. Madrid: Imprenta de Julio Cosano.



AÑO II BARCELONA, 15 DE FEBRERO DE 1884 Núm. 18

GALERIA DE RETRATOS DE MUJERES NOTABLES



CAROLINA CASANOVA DE CEPEDA, dibujo original de P. Ross.

Retrato de Carolina Casanova de Cepeda por P. Ross. *La Ilustración de la Mujer* (Barcelona), 15 de febreiro de 1884. [Hemeroteca Digital Hispana da Biblioteca Nacional de España].



Retratos de Carolina Casanova de Cepeda polo fotógrafo Antoni Esplugas (década de 1890). [Barcelona, MAE. Institut del Teatre].



Recibo do pago do Teatro Real de Madrid a Carolina Casanova de Cepeda asinado polo seu marido, Luis de Cepeda, e o director artístico do teatro, Luigi Cuzzani. Madrid, 31 de xaneiro de 1888. [Barcelona, MAE. Institut del Teatre].

REAL THEATRO DE S. CARLOS DE LISBOA



PRIMA-DONNA CASANOVA DE CEPEDA



LUIGI BOJLS, PRIMEIRO TENOR



QUADRO DAS MARGENS DO NILO NO TERCEIRO ACTO DA «AIDA»

REAL THEATRO DE S. CARLOS DE LISBOA



PRIMA-DONNA MARIETTA BIANCOLINI



GOTTARDO ALDIGHIERI, PRIMEIRO BARYTONO



QUADRO DO TEMPLO DE VULCANO NO QUARTO ACTO DA «AIDA»

Dobre páxina da revista O Occidente, adicada á estrea absoluta da ópera Aida de G. Verdi no Teatro Real de São Carlos de Lisboa, onde Carolina Casanova de Cepeda interpretou con gran éxito o papel da protagonista. O Occidente. Revista Illustrada de Portugal e do estrangeiro (Lisboa), 15 de marzo de 1878, páxinas 45 e 46. [Hemeroteca Dixital da Biblioteca Nacional de Portugal].

Dorinda Rodríguez

Ourense, 1862 – Lisboa, 1955



Fotografía de Dorinda Rodríguez no papel principal da zarzuela *¡Si yo fuera hombre!* do mestre Teodoro San José (1890) [Madrid. Biblioteca Nacional de España].

A primeira referencia que atopamos de Dorinda, alá por 1877 e con tan só 15 anos, é interpretando no Liceo-Recreo de Ourense a canción *Un loco cuerdo y un cuerdo loco*. Empezaba a nacer así unha estrela local, mais precisaba dunha formación técnica para depurar as súas innegables dotes naturais. Un grupo de socios deste liceo ourensán, decidiu pagarlle unhas clases de música co pianista da referida sociedade, D. José Rodríguez e, posteriormente, apoiárona no seu salto a Madrid para continuar os seus estudos musicais.

A súa presentación profesional foi no Teatro de la Zarzuela (Madrid), obtendo tal éxito que inmediatamente foi chamada por numerosas compañías de ópera pero ela preferiu adicarse á zarzuela. Pouco tempo puido adicarse a este xénero xa que esta estaba de capa caída debido á invasión do «género chico», e ela tivo a intelixencia de pasarse á opereta estranxeira que, por aqueles anos, chegaba ós escenarios españois.

En setembro de 1882 estaba no Teatro Variedades (Santander) pero aos poucos meses xa saltou para A Habana. Integrouse marabillosamente na sociedade galega da capital cubana e fíxose querer cantando cancións tan galegas como *Unha noite n'a eira d'o trigo*. De volta no vello continente, apareceu fugazmente no Teatro Circo de Ferrol na primavera de 1887 e, a finais d ese mesmo ano, xa atravesara o Miño para

traballar por primeira vez en Portugal, en Porto e en Lisboa. Case perde a vida no incendio do portuense Teatro Baquet, o 20 de marzo de 1888, onde morreron 120 persoas; ela participaba na función a beneficio do doctor Firmino António Rosa e, no final da zarzuela *La Gran Vía*, o pano empezou a arder.

Estableceuse en Madrid en 1892 pero, en breve, marchou de novo para Cuba. A noite do 25 de xullo de 1894 ofreceuse un espectáculo no Teatro Payret (A Habana), na honra do Apóstolo Santiago, e, no fin da velada, leu un poema de Curros Enríquez, titulado *Pol-a unión*, e que respira nacionalismo en todos os seus versos. Despediuse da súa segunda estancia cubana no Teatro Tacón onde lle fixeron, a principios de outubro de 1895, unha función para recadar fondos ao seu beneficio, na que interpretou o poema *Adiós*, de Ramón Armada que estaba adicado a ela. Tamén estreou a que é considerada primeira zarzuela galega *¡Non máis emigración!*, tamén de Armada Teixeiro con música de Felisindo Rego, en agosto de 1886 no Teatro Tacón.

Deixou os escenarios tras a súa voda, o 14 de outubro de 1898, con Luís María Álvaro da Costa Sousa de Macedo (IV Conde de Mesquitela), aristócrata portugués e cortesán do rei Carlos I, pasando a ser coñecida como Condessa de Mesquitela.

CALDO DE GRELOS

VERSOS GALLEGOS

POR

R. ARMADA TEIXEIRO,

(CHEMUN DE CÉLTegos)

PRÓLOGO

DE

VICENTE FRAIZ ANDON,

Director d'a Dirección d'Instrucción d'o "Centro Gallego"



HABANA

Impreso n'a Propaganda Literaria
1895

Poesía *Pol-a unión* de Manuel Curros Enríquez leída por Dorinda Rodríguez na festa dedicada a Santiago Apóstol celebrada no Teatro Payret de La Habana (Cuba) no ano 1894. *Galicia* (La Habana), 30 de abril de 1905.

POL-A UNIÓN

(Poesía leída por Dorinda Rodríguez en la fiesta de Santiago celebrada en el teatro Tacón en 1894.)

Non é en honor d'o Patrón
Que esta noite bailar veño.
Anque a teño ó Santo, teño
A Patria mais devoción.
Eu, pol-o sí ou pol-o non,
C'os santos quero estar, ben;
Mais quero estalo tamen
Co'a terra en que fun nacida:
S'olo una Patria hay na vida
E Santos hai mais de cen.

Farto de evangelizar
E facer no mouro estrago,
Fai tempo que está Santiago
D'a santa gloria a gozar.
Con non menos batallar
Contra todo mal goberno,
Galicia ón suplicio eterno
De cote está condenada,
E pídenos, desolada,
Que á libremos d'ese inferno.

É tan grande o seu penar,
Máncana tantos abrollos,
Que co'as bágoas dos seus ollos
Coido que foi feito o mar.
Diante o trono e diante o altar
Contra o seu mal pide acordo;
Mais sin piedá nin remordo
Do seu dolor, nunca escaso,
Os homes non lle fan caso
E Dios permanece xordo...

¡Pobre vella! ¡Coitadiña!
¿Qué pudo éla nunca ter
Con ningún, pra merecer
Sorte tan dura e mezquiña?
¿Non derrochou canto tiña
Pol-o ben d' esta Nación?...
¿Quén a civilización
Levou d'Ocidente á Oriente,
N'a nave resprandecente
Que tripulaba Jason?

¿Onde naceron aqueles
Que Grecia e Roma fundaron
Y ás portas d'Asia chegaron
A luz levando con eles?

¿Quén á lira y- os cincelos
D' Homero e Fidias guiou?
¿Quén co'a ruda lanza armou
De Viriato o brazo forte,
Que sin medo ter d'a morte
O Cesar desafiou?

¿Quén feitos mais esforzados
Rexistra na nosa Historia?
¿Quén estrozar tuvo á gloria
Mais mouros arrenegados?
¿Quén marchou tras dos Cruzados
Co poeta padronés?
¿Quén contra o pirata inglés
Loitou con mais bazarria
E viu, soldado en Pavía,
Un Rey de Francia á seus pés?

¿Quén n'as modernas etates
Mais alto o pendon ondea,
E con mais teson pelea
Pol-as patrias libertades?
Contra franceses e frades
¿Quén igualou seu poder,
Que un cañon soupo facer
D'un castiñeiro en San Payo,
D'a espada de Lacy un rayo
E un rayo d'a de Fortier?...

Ti solo, Galicia Santa!
Ti, que no antigo senora,
Escrava ximes agora
D'os caciques baixo a pranta!
Véndote entre pena tanta,
Teus bravos fillos ¿qué fan?...
¿Eu qué pensan?... ¿Onde están,
Que non colleen os fouceiros
E botándose ós camiños
A redimirte non van?

Arregañádot-os dentes,
Us c'os outos agarrados,
Revoltos e enfurruñados,
Semellan á cans doentes.
Nas propias carnes os dentes
Engarran, sin compasión,
E despreceando a razon
Que toda xenreira borre,
Esquecen sua Nai, que morre
Chea de infamia e de baldon!

Gallegos que m' escoitades,
Gallegos que a verme vides:
¿Oxe d'eiquí non saídes
Sin facer as amizades!
D'as nosas debilidades
O díaño non se ha de rir:
Vámonos todos unir,
Matando rencores cegos;
Que na unión dos b'os gallegos
Está da Patria o porvir!

Xuntas estrelas y-estrelas
Forman ó azul firmamento;
Xuntas as ondas d'o vento
Da nave moveu as velas;
Xuntas as pallas sinxelas
Forman as medas xigantes;
Xuntas as gotas pingantes
Forman regatos sombríos,
Xuntas as aguas dos ríos
Forman océanos bruantes.

Todo, pra ser grande e forte
Se une, xunta e reconchega:
Quen á discordia s'entrega,
Vai dereito cara á morte.
Non agarde millor sorte
Quen fomenta divisións;
Que a unión de todol-os bos
E ley de tan alto alento,
¿Que pra estar no Sacramento
Hastra a ten que cumprir Dios!

Non pido bravos, ni palmas,
Nin coroas esta noite;
Pido á todo o que m' escoite
A unión, que é á vida das almas;
A unión, que do éter nas calmas
Buscan a brisa y-a flor;
A unión, que á todo delor
Consolo encontra no mundo;
A unión, que é xermen fecundo
De ben, de forza e de amor.

Por esa unión feiteira
Volverei a Patria á ter vida;
Por esa unión ben querida
Veño bailar á mufieira.
Colonia gallega enteira:
Anque falto de donaires,
Non este berro desaires
En que esa unión reconcentro;
¿Que o Presidente do Centro
Estreite a man do de Arce!

M. CURROS ENRÍQUEZ.

¡NON MAIS EMIGRACION!

Apresenta libreto-dramático en dous actos e sete cuadros

POR

RAMON ARMADA TEIXEIRO
(AMADOR MARÁN) (CHUMIN DE CÉLTegos.)

MUSICA DO COMPOSITOR GALLEGO

DON FELISINDO REGO.

ESTRENADO CON BUENITO AFRASO

N.º

GRAN TEATRO DE TACON D'ª HABANA

AS NOITES D'O 10 T.º 11 D' ABRIL DE 1886.

SEGUNDA EDICION

augmentada c'os musicos que d'a obra fixeron a Juana de Cuba, Porto-Elco e Galicia
y- os repuntados literatos San Manuel Espuña, W. A. Irujo, Lito Suarez, Solís,
Recupulino Cora, Alvarez d'a Igrasia, etc., etc.

HABANA.

IMPRESA D'ª "A CORRESPONDENCIA DE CUBA,"
24, ODRAPLA, 24.
1886.

Libreto de *¡Non máis emigración!*. Segunda edición (A Habana), 1886. [A Coruña, Real Academia Galega].

¡ADIOS!

Por Dorinda Rodríguez.

¡Adios! ¡Adios! Co'a y-alma dolorida
outra vez deixo esta bendita terra,
y outra vez volven a soltars'as bágoas
ó decirvos adios, qu'eu ben quixera
vivir ó voso lado e xuntos sempre,
benedicindo iste lar, co'a praxeiteira
e rica gratitú d'os peitos nobres,
olourar a Galicia y-en pró d'ela
entretexer coroas c'os ladides
qu'adequieren seus fillos n'as Américas.

Máis preciso é partir, lonxe mui lonxe,
ó pr'os lares en que sendo nena,
n'as polas d'álbores facía
en careixós e mouras d'as silveiras
asallab'os nenos, pra qu'en troques,
os panterros os páxaros me deran.

Poemario *Caldo de grelos*, de Ramón Armada Teixiero (Chumín de Céltegos) publicado en La Habana (Cuba) en 1895, no que a poesía *¡Adios!* está dedicada a Dorinda Rodríguez.

y-ciqui n'os maizales ou n'os trigos,
n'os prados e n'os liños ou n'as leiras,
garamallos e froes recollia
pr'adornar os altares que veneran
á Virxen d'as Angustias, á d'a Barca,
y-á Santa d'o Camiño, milagreiras.

Por iso aló en chegando
volverei vel-as
pra qu'a fertuna premie
vosa querenca
ó lar gallego,
leito d'as venturanzas,
xardin d'o ceo.

E d'alí cal recordo d'o meu cariño,
mandareivos mil bicos e mil apertax,
e cando de ruada vay'as romaxes,
ou volva de fiadas e d'spadelas,
á bendecida patrea, n'º voso nome,
entoando *a-la-la-las*, saudaréina.

Póis nunca de vosoutros
poido esquecerme,
xa que nunca negastes
vosas mercedes,
a quen, ó cabo,
solo pode ofrecervos,
cariño a baa.



DORINDA RODRÍGUEZ



D. JOSÉ RODRÍGUEZ Y GONZALES

ca lh'o fecha a léis com o Nova Caledonia e as Novas Hebridas. Mas Sandwich viu-se successivamente despossada pelos Estados Unidos das na supremacia, em consequencia da victoriosa da California e da negociação do tratado do livre-cambio.

Eis, portanto, qual é a situação do archipelago hawaiano, onde existe já hoje uma colonia talvez de oito a dez mil portuguezes.

PINHEIRO CHAGAS.

A FABRICA

Seriam quatro horas da tarde. Um sol de julho,—sol de prata em fa-ço,—estendia ao de cima das aguas a immensa canda luminosa da sua irradiação. Fazia aquillo no ar umas reverberações palpitantes, como um nevoeiro de luz em que a vida do rio, activa, silenciosa, appareta fugitiva como as miragens. Altas velas entrevistas, que aquella hora de-lumbrante pareciam louras, passavam ao longe como que estgueirando-se. Eram grandes barcas que vinham de Noirmontiers, carregadas até á borda d'um sal branco, scintillante de mil palhetas, e ir poladas por companhas pittorescas: mulheres com o grande tricorne breão, mulheres cujas toucas fartas, esvoaçando, tinham a brancura e a scintillação do sal. Viam-se tambem fragatas, similhando baldes fluctuantes, com o coque atulhado de saccos de trigo e de pipas; rebocadores arrastando interminaveis feixes de barcos, ou algum navio que vinha do fim do mundo, recolhendo ao porto ao cabo de dois annos de ausencia e subindo o rio com um movimento lento, quasi solemne, como se comigo ironico e recolhimento silencioso da patria readquirida e a poesia mysteriosa das costas vindas de longe. Apesar do calor de julho, corria uma brisa por todo aquelle bello scenario, porque o vento vinha do mar com a frescura e a alegria da amplitude, e fazia adivinhar um pouco mais longe, além d'essas ondas cerradas que o socego e a tranquillidade das aguas doces abandonava já, o verde do Oceano sem limites, as vagas, as resacas, as tempestades.

No nevoeiro de prata que envolvia a ilha viam-se confusamente grandes renques de choopos, e altas chaminés d'onde subia um espesso fumo negro, derramado, que sujava o cen. Ao mesmo tempo, ouvia-se uma inferreira ribombante, marteladas em cima de ferro, fragores surdos, outros mais claros, diversamente repercutidos pela scneridade da agua, e sobretudo um resonar continuo, perpetuo, como se a ilha fosse um immenso vapor parado, a livrando as suas rodas e o seu movimento na immobilidade.

A medida que a barca se approximava, lentamente, mais

lentamente, porque o rio era candaloso, distinguiam-se compridos edificios de tectos baixos e paredes enegrecidas, estendendo-se para todos os lados com uma chateza uniforme; e depois, á beira do rio, a perder de vista, enormes caldeiras alinhadas, pintadas de vermelho, e cujo encarnado brilhante fazia um effeito phantastico. Transportes do Estado, chalupas a vapor, enfileiradas no canal, esperavam que lhes metessem dentro essas caldeiras, por meio d'um enorme guindaste collocado ali ao pé, e que, de longe, parecia uma força gigantesca.

Baloradas de calor, cheiros de hulha, de ferro em combustão, saham da fabrica com um impalpavel pó negro, agudo, candente, que ao sol tinha uma scintillação metalica, esse brinbo de hulha, que podia muito bem fazer-se diamante. Mas o que dava o caracter vivo, apressado, offegante, de todo esse grande trabalho, era um alarido perpetuo do solo e do ar, uma trespidação continua, assim como o esforço d'um animal enorme que tivessem encucrado debaixo da fabrica, d'algum animal cuja respiração affoguada e cujo mugido sabisse por todas aquellas chaminés abertas.

ALPHONSE DAVID.

ABSOLV DA

—Não negues, minha filha: tu fizeste alguma acção villã.
Adivinhei o quando estremeceste ao vir tua mamã.

Oha: vim ao meu collo. Inclina assim a tua cabeçinha...
Agora diz tudo. Chereubin,
à tua mamãzinha.

Estão, a pomba joven enroscando os seus tenros brancos—soluçando—no penchoço da mãe,
começou a fallar... Não eram fallas: eram os sons, por perolas e opalas,
e por rubis tambem.

gerados ao cair sobre o granito d'uma eira, ao luar,
e que fossem depois, pelo infinito brandamente echoar.



Retrato de Dorinda Rodríguez aparecido na portada da revista de variedades *La Tomasa. Setmanari català* (Barcelona), 18 de abril de 1890. [Fundo particular].



Retrato de Dorinda Rodríguez na portada de *La Saeta* (Barcelona), 12 de marzo de 1891.

Retrato de Dorinda Rodríguez e do seu primeiro marido, o violinista José Rodríguez, com outra crónica do seu homicídio em Lisboa. *A Ilustração Portuguesa. Semanario. Revista literaria e artistica* (Lisboa), 22 de agosto de 1887. [Hemeroteca Dixital da Biblioteca Nacional de Portugal].



Bibiana Pérez

Cebreros (Ávila), 1865- A Coruña, 1950

Fotografía de
Bibiana Pérez xunto
coa súa alumna
Berta Malde
[Arquivo persoal
Luciano José Navas]

Bibiana Pérez Mateos, «La perecita», era natural de Cebreros, en Ávila. Formouse na Escuela Nacional de Música y Declamación de Madrid, nas aulas do profesor Napoleón Verger, onde coñeceu ao tenor malpicán Ignacio Varela Novo. Casarían en Ávila en febreiro de 1891 e terían cinco fillos entre os que a maior, Carmen, foi tamén cantante e mestra.

No ano 1951, debutou como cantante amateur en Valladolid, interpretando diferentes fragmentos de obras de G. Verdi, G. Bizet, E. Toldrá e G. Donizetti. Posteriormente estrearía numerosas obras como *Don Perlimplín*, con música de Vittorio Rieti e libreto baseado nun texto de García Lorca, o 7 de maio de 1952 no Théâtre des Champs-Élysées de París, a ópera *Soledad*, de Juan Manén no Gran Teatre del Liceu de Barcelona, coa que


debutou nese coliseo, ou o salmo de Óscar Esplá *De profundis* na conquense Iglesia de San Miguel coa Orquesta Filarmónica de Madrid baixo a batuta de Odón Alonso dentro da V Semana de Música Religiosa de Cuenca.

En 1953 recibiu o Premio Nacional de Lírca, o que supuxo un gran respaldo para a súa carreira. No ano 1956, debutou no Teatro Campoamor de Oviedo cantando *Rigoletto*, no papel de Maddalena. Ese mesmo ano, o 10 de outubro, participou na función de reapertura do Teatro de la Zarzuela (Madrid) na que se representou *Doña Francisquita*, de A. Vives, na que interpretou o papel de Aurora, tendo como compañeiro de reparto a Alfredo Kraus. En 1964 participou na estrea de *El hijo fingido* de Joaquín Rodrigo no Teatro de la Zarzuela (Madrid). Dous anos mais tarde interpretou, no Gran Teatre del Liceu de Barcelona, a ópera *Carmen* de G. Bizet compartindo escenario con Ana María Olaria e Pedro Lavirgen, entre outros.

A súa carreira profesional non foi moi extensa, xa que durou de 1951 a 1973, para centrarse entón na docencia. A finais dos anos setenta, converteuse en catedrática da Escuela Superior de Canto de Madrid. En 1980, decidiu poñer fin a súa carreira artística despois de cantar *La vida breve* de Manuel de Falla, no Royal Albert Hall de Londres, en compañía de Victoria de los Ángeles.



Fotografía dos dous elencos que interpretaron *Doña Francisquita*, zarzuela coa que se reabriu o Teatro de la Zarzuela (Madrid) en outubro 1956: Toñy Rosado (Aurora), Alfredo Kraus (Fernando), Ana María Olaria (Francisquita), Lina Huarte, (Francisquita), Carlos Munguía (Fernando) e Inés Rivadeneira (Aurora) [Las Palmas de Gran Canaria. Archivo Fundación Internacional Alfredo Kraus].



Ana Higuera, Joaquín Rodrigo e Inés Rivadeneira na estrea de *El hijo fingido* de Joaquín Rodrigo. Teatro de la Zarzuela (Madrid), 5 de decembro de 1964 [Madrid. Arquivo Ana Higuera].

COLISEU
Emp. RICARDO COVÕES (HER.)
HOJE, ás 21,30
(Maiores de 12 anos)
Um espectáculo inolvidável
GRANDE COMPANHIA LÍRICA ESPANHOLA DE OPERETAS E ZARZUELAS
sob a dirección do grande teatrólogo e «meteor-en-scene» **JOSÉ TAMAYO**
Os melhores artistas líricos de España, na máximas opereta, com música de Amadeo Vives
DOÑA FRANCISQUITA
— AMANHÁ, ás 16 horas —
1.º ESPECTÁCULO A TARDE
A NOITE, ás 21,30
— SEGUNDA - FEIRA —
As encantadoras zarzuelas **VERBENA DE LA PALOMA** e **GIGANTES Y CABEZUDOS**

* **COLISEU** * HOJE
às 21,30
EMP. RICARDO COVÕES, HERDS. (Maiores de 12 anos)
ESTREIA SENSACIONAL
A GRANDE COMPANHIA LÍRICA ESPANHOLA
sob a dirección do teatrólogo **JOSÉ TAMAYO**
APRESENTA a imortal ópera de BIZET, cantada em italiano
CARMEN
Na protagonista o mezzo-soprano **INEZ RIVADENEYRA**
secundada pelo tenor **Pedro Lavirgen**, a soprano **Lina Huarte**
e o barítono **Astarios**
BILHETES A VENDA

Anuncios aparecidos no *Diario de Lisboa*, o 29 de febreiro e o 9 de marzo de 1964, onde se recolle o paso da Compañía Lírica Española de José Tamayo, interpretando a zarzuela *Doña Francisquita* e a ópera *Carmen* no Coliseu dos Recreios da cidade, nas que interveu Inés Rivadeneira. [Hemeroteca Dixital da Biblioteca Nacional de Portugal].

SOLEDAD
(Estreno)
Opera en tres actos
Letra y música de Juan Manén
REPARTO
Soledad Lina Richarte
Dolores Inés Rivadeneira
Gitanillo Pablo Civil
Santiago Raimundo Torres
Una vieja (mima) Laura Díaz
Maestro Director:
JUAN MANÉN
Regidor de escena:
AUGUSTO CARDI
Estreno de tres decorados para esta ópera de Pou Vila.

Programa de man da estrea da ópera *Soledad*, con música e libreto de Juan Manén, o 30 de decembro de 1952 no Gran Teatre del Liceo (Barcelona) con Inés Rivadeneira no papel de Dolores. [Barcelona. Arxiu històric de la Societat del Gran Teatre del Liceu].

M U S I C A

Ayer cantó en Lugo Inés Rivadeneira, acompañada al piano por Ana María Gorostiaga

Singular manifestación de admiración y cariño del público a la artista lucense



No era para menos. Inés Rivadeneira, que nació en Lugo y constantemente lo pregona como uno de sus mejores títulos, ha sido recibida ayer en nuestra ciudad con la cordialidad, el cariño y la admiración que ella se merece. Ya cuando permaneció en el hotel antes de empezar el concierto, fueron muchas las visitas que recibió y lo mismo sucedió, en cálidas demostraciones de simpatía, al llegar al Círculo de las Artes.

Después, en el transcurso de su actuación, acompañada al piano de la también destacada artista española Ana María Gorostiaga, la reacción de sus palmas ante tanta calidad y belleza de expresión, ante un recital como se recuerdan muy pocos en nuestra ciudad, fue sencillamente apoteósica. Inés Rivadeneira se ganó desde el principio al fin la voluntad, el interés, la admiración de sus oyentes. Y lo mismo en la primera parte y sobre todo en las siete canciones populares zingaras como en la segunda, dedicada a música navideña con

obras de Toldrá, J. Rodrigo y otros, así como el final con las cuatro canciones leonesas de C. Halfiter, el público pudo comprobar la excepcional clase de esta cantante española, nacida en Lugo.

Al final, excusado es decir que los aplausos se prolongaron durante bastante rato. Como antes, entre canción y canción habían estallado cálidos y entusiastas. Y también después, cuando la genial artista quiso obsequiar al respetable con alguna cosa más de su repertorio que como las anteriores se recibió con la más jubilosa expresión de aceptación plena.

En fin, un concierto inolvidable y un triunfo más, que sumar a los muchos logrados ya en su carrera, por esta nuestra Inés Rivadeneira que acompañada por Ana María Gorostiaga ha recibido de su pueblo, ayer noche, las más vivas y sinceras expresiones de admiración, cordialidad y simpatía.

Vaya para ella y para su compañera, también la felicitación de todos cuantos en esta Casa trabajamos.

Noticia do concerto de Inés Rivadeneira, acompañada ao piano por Ana María Gorostiaga, no Círculo das Artes de Lugo. *El Progreso* (Lugo), 23 de decembro de 1970.

Alhambra
MCC 30000

GRAN PREMIO EXTRAORDINARIO
al mejor disco grabado y producido
en España íntegramente

PRINCIPALES INTERPRETES:
ANA MARIA IRIARTE,
INES RIVADENEIRA, SELICA PEREZ CARPIO,
MANUEL AUSENSI, MIGUEL LIGERO y RAFAEL SOMOZA
Coros Cantores de Madrid y Gran Orquesta Sinfónica
Director: ATAUFO ARGENTA

MARCO

Gravación da zarzuela *La verbena de la Paloma*, con libreto de Ricardo de la Vega e Tomás Bretón, na que participa Inés Rivadeneira. Alhambra (1962). [Fondo particular].



Josefina Cubeiro

A Coruña, 1944- Córdoba, 2023

Fotografía de Josefina Cubeiro y Fernando Turina no concerto da Fundación Juan March (Madrid) titulado *La escuela de Viena* do 30 de novembro de 1983 [Madrid. Biblioteca Fundación Juan March].

Coruñesa de nacemento, formouse musicalmente en Córdoba, en cuxo conservatorio cursou piano, música de cámara e canto con inmellorables notas. Completou os seus estudos en Madrid con Consuelo Rubio, onde tamén cursou as disciplinas de musicoloxía, harmonía e clavicémbalo.

Na Hochschule do Mozarteum, en Salzburgo, perfeccionou o seu estilo no repertorio mozartiano e gañou distintos premios internacionais que a beneficiaron para iniciar unha carreira internacional dentro do mundo da ópera, con títulos como *Ariadne auf Naxos* e *Elektra*, ambas de R. Strauss, que interpretou no madrileño Teatro de la Zarzuela.

En 1964 participou no Concurso Internacional de Ópera de Munich cun moi bo resultado, logrando clasificarse entre os finalistas, con gran aceptación de público e

de crítica. A continuación, obtivo o segundo premio no Concurso Internacional «Francisco Viñas» en Barcelona, o que lle permitiu iniciar unha labor nas salas de concerto do resto de Europa. En 1966, admitida entre os participantes no Concurso Internacional de Toulouse, logrou obter a medalla de prata. Foi bolsreira da Fundación Juan March e tamén do goberno francés, para perfeccionarse en París. Realizou varias xiras de concertos por diversas capitais de Europa, Hispanoamérica, Sudáfrica e os EEUU, sen deixar nunca de lado a súa terra galega, participando nas temporadas de ópera de Vigo e A Coruña.

A finais da década de 1960, TVE levou a cabo a grabación dun ciclo de trece títulos de zarzuela, dos que Josefina Cubeiro gravou sete: *Maruxa*, *Las golondrinas*, *Bohemios*, *El caserío*, *Luisa Fernanda*, *El huésped del sevillano* e *Los sobrinos del Capitán Grant*.



Cartel concerto do 10 de maio de 1966 na igrexa Saint-Roch en París [Madrid. Biblioteca Fundación Juan March].

LUNDI 9 et MARDI 10 MAI 1966, à 20 heures 45
**CONCERTS SPIRITUELS
 EN L'EGLISE SAINT-ROCH**
206, Rue Saint-Benoît (Métro Tolbiac)

JEAN-SÉBASTIEN BACH
1685-1750
 Cantate n° 51 - "Jauchzet Gott in allen Landen"
pour soprano, trompette solo et cordes
 Cantate n° 81 - "Ich habe genug"
pour basse, hautbois solo et cordes

KARL HEINRICH GRAUN
1683-1726
TE DEUM LAUDAMUS
présenté par l'Académie Musicale
 Oratorio pour solistes choristes et orchestre
 Direction de Pierre Chastreau

Josefina CUBEIRO, Geneviève MACAUX, Michel SÉNÉCHAL, Georges JOLLIS
Soprano Alto Tenor
ENSEMBLE VOCAL JACQUES GRIMBERT
 Alain MARION - Pierre CHANTEREAU - Pierre PIERLOT - Jacques CHAMBON - Michel DELACE
Flûtes Hautbois Basson
 Jacky MAGNAROL Daniel DUBAR - Roger DELMOTTE Pierre THIBAUD
Cornes Trompettes
 Jean-Pierre WALLEZ, Michel NOEL - Jean BARTHE - Huguette CREMY
Trombones

ORCHESTRE "ANTIQUA MUSICA"
 solistes, chœurs et orchestre sous la direction de
JACQUES ROUSSEL
Le même programme sera interprété à chaque concert

PLACES : 50, 35 et 10 F - (Réservations J.M.M. : 0 1 1)
 LOCATION : à l'Église (gratuite), chez Doreau, 4, place de la Madeleine et dans les Agences de voyages
 BUREAU DE CONCERTS MARCEL DE VALMALEÏE, 45, Rue La Boétie (9^e) - B.V. 28-28

Retrato de Josefina CUBEIRO. *Diario de Córdoba*, 25 de febreiro de 2023. Fotografía coloreada, manipulada con IA.

2.º CONCURSO internacional de canto

FRANCISCO VIÑAS

GRAN TEATRO DEL LICEO BARCELONA
 30 noviembre de 1964-noche

Y para que conste, se levanta la presente acta que firman el Presidente y Secretario del Jurado.

Programa de man do II Concurso Francisco Viñas, celebrado no Gran Teatre del Liceu o 30 de novembro de 1964 [Barcelona. Arxiu històric de la Societat del Gran Teatre del Liceu].

lista de participantes

ARGENTINA F. Bernardo Oberweis	Vicente Sardinero Gloria Torrents Montserrat Vallverdú M.ª Rosa Vidal Carmen Vilalta Rosina Vilanova
BULGARIA Vallachal Gospodin Hristo Radiev	HOLANDA Anita Van Loeuwen
GRAN BRETAGÑA Sandra Paule	HONDURAS Yliana Lloveras
ESPAÑA M.ª Josefa Barrioli Antonio Blázquez Carolina Bofill José M.ª Cabelhad Conchita Cabezaón Josefina CUBEIRO Francisco Chico Eulalia Gil Francisca Gironés Fernando González María Guila Antonio Lluch M.ª Dolores Martí Julián Ortells Luis Pozo José L. Puzos Isabel Rivas Juan Sabaté María Sanz	ITALIA Alberto Gasparini Genaro De Sica
	LIBANO Jeannette Najem
	URUGUAY Juan Carlos Taborda
	U.S.A. Mark Spangler Salvatore Pusateri Irene I. Oliver

FUNDACION JUAN MARCH

CENTENARIO
IGOR STRAVINSKY

Febrero-Marzo 1982

Programa de man do concerto do 24 de febreiro de 1982 na Fundación Juan March dentro do ciclo dedicado ao centenario de Igor Stravinsky. [Madrid. Biblioteca Fundación Juan March].

PROGRAMA
 SEGUNDO CONCIERTO

Igor Stravinsky

I

CICLO
 CENTENARIO IGOR STRAVINSKY

2

Soprano
 JOSEFINA CUBEIRO

Piano
 ROGELIO R. GAVILANES


Dos canciones Op. 6
 Pastoral (*Canción sin palabras*)
 Sagesse
 (de Dos poemas de Verlaine Op. 9)
 Dos poemas de Balmont
 Tres poesías japonesas
 Recuerdos de mi infancia
 Pribautki (*Canciones placenteras*)
 Nanas del gato
 Tres cuentos infantiles
 Cuatro canciones rusas
 Canción de Paracha
 (de Mavra)
 Aria de la cocinera
 (de Mavra)

II

Cantata
 Ricercare I
 Ricercare II

Tres canciones de Shakespeare
 The Owl and the Pussy-cat

Miércoles, 24 de febrero de 1982. 19,30 horas



Programa de mano do concerto ofrecido por Josefina Cubeiro, acompañada ó piano por Ángel Soler, na Fundación Juan March (Madrid) o 9 de marzo de 1981. [Madrid, Biblioteca Fundación Juan March].



JOSEFINA CUBEIRO

Soprano española que ha triunfado nuevamente en París, en los conciertos sinfónicos vocales que dirige el gran Director rumano Trajan Popescu.

BANDA PRIMITIVA de LIRIA


Valencia tuvo su tradicional Certamen de Bandas de la Feria de Julio. En él triunfó una vez más la Banda Primitiva de Liria, que obtuvo el Primer Premio y Medalla de Oro en la Sección Especial. En la foto, durante su actuación, con el Jurado en primer término.



Retrato e entrevista a Josefina Cubeiro. Ritmo (Madrid), agosto de 1967. [Biblioteca virtual de Prensa Histórica].

Ángeles Gulín

Ribadavia (Ourense), 1939 - Madrid, 2002



Retrato de Ángeles Gulín [Arquivo persoal de Santiago Vela].

Naceu en Ribadavia (Ourense) pero, á idade de doce anos, mudouse coa súa familia a Montevideo (Uruguai), onde estudou canto da man do seu pai que era director de orquestras locais. Posteriormente estudou canto con Esther Burgues e debutou profesionalmente aos dezanove anos no Teatro Solís de Montevideo, co papel de Raíña da Noite en *Die Zauberflöte (A frauta máxica)*, de W. A. Mozart, substituíndo no último momento á cantante titular.

En 1963, Gulín casou co barítono español Antonio Blancas, co que tivo unha filla, a soprano Ángeles Blancas Gulín. A parella cantou xunta en numerosas ocasións e formando un dúo operístico moi recoñecido do que se conservan grabación de moito interese.

Tras gañar en 1968 o Concurso «Voci Verdiane» en Busseto (Italia), evolucionou a papeis máis dramáticos, especializándose nas primeiras óperas de G. Verdi e incluíndo no seu repertorio os roles protagonistas de *Nabucco*, *Atila*, *Alzira*, *Un ballo in maschera* ou *Fernand Cortez* (de Gaspare Spontini). Este triunfo abriulle as portas dos principais escenarios europeos, incluíndo a Scala de Milán, a Ópera Estatal de Viena, a Ópera de París e o Covent Garden de Londres.

Gulín destacou pola súa voz potente e expresiva, o seu amplo rexistro vocal e o seu dominio da técnica belcantista. Interpretou un repertorio operístico moi variado, abarcando desde obras barrocas ata óperas do século xx. Entre os seus papeis máis aclamados atópanse Abigaille en *Nabucco*, *Turandot* na ópera homónima, Leonora en *La forza del destino*, Imogene en *Il pirata*, Elena en *I vespri siciliani* ou *Tosca* na ópera homónima.

Ao longo da súa carreira, Ángeles Gulín recibiu numerosos recoñecementos e premios, entre eles: Premio Nacional de Canto de España (1963), Medalla de Ouro do Círculo de Bellas Artes de Madrid (1970), Medalla de Ouro do Teatro Real de Madrid (1975) ou Premio Galicia das Artes (1982).

A súa carreira interrompeuse bruscamente en 1987 por severos problemas de saúde, sendo a súa derradeira actuación pública a que tivo lugar na homenaxe ao seu querido amigo o tenor Pedro Lavirgen, no Teatro Monumental de Madrid o 9 de maio de 1993, onde cantou a pregaria *La Vergine degli Angeli* de *La forza del destino* de G. Verdi.



Ángeles Ottein

Algete (Madrid), 1895 – Madrid, 1981

Ángeles Ottein. Cidade de México, 1925
[Reproducción. Fondo Particular].

María de los Ángeles Nieto Iglesias, irmá maior de Ofelia Nieto, tomou como nome artístico o de Ángeles Ottein (invertindo o seu apelido e dobrando a «t» dándolle un toque italiano). Aínda que igual que a súa irmá non naceu en territorio galego, se non en Algete (Madrid), algúns biógrafos enfatizan o seu nacemento en Santiago de Compostela. Ambas irmás sempre fiéron gala do seu espírito galego; Ángeles, por exemplo, chegou a firmar unha misiva dirixida ó presidente do Centro Galego de Bos Aires como «a súa amiga e paisana».

Desde moi nova recibiu lección de solfexo e piano da súa nai e continuou estudando canto en Madrid co tenor Lorenzo Simonetti. O seu debut tivo lugar en 1914 no Teatro de la Zarzuela no papel de Rosa na estrea de *Maruxa*, de A. Vives, compartindo escenario coa súa irmá Ofelia como protagonista. Posteriormente virían Lisboa, Roma, Nápoles, Bos Aires, Nova York, A Habana, Santiago de Chile, México... cantando xunto coas principais voces da súa época como Tito Schipa, Beniamino Gigli, Titta Ruffo ou Giacomo Lauri-Volpi. Entre os seus papeis principais atopamos os de óperas como *Il Barbiere di Siviglia*, *Rigoletto*, *La traviata*, *Lakmé*, *Die Zauberflöte* (*A frauta máxica*) ou Hamlet. Visitou Galicia en numerosas ocasións para actuar no Teatro Tamberlick de Vigo (1916)

ou no Teatro Rosalía de Castro en A Coruña (1922 e 1925); de feito, a súa última xira antes de contraer matrimonio co coruñés Enrique Naya, afincado en Cuba, incluíu Pontevedra, Santiago de Compostela e A Coruña.

En 1942 deixou a un lado a súa brillante carreira para dedicarse á docencia, dando alumnas tan ilustres como Pilar Lorengar, Inés Rivadeneira, Marimí del Pozo, Consuelo Rubio e María Luisa Nache entre outras. Impartiu clases no Real Conservatorio de Madrid, como catedrática por oposición dende 1958, e dous anos máis tarde no Conservatorio Pau Casals de Puerto Rico onde, tras enviuar, trasladou a súa residencia durante unha década. A súa última interpretación pública tivo lugar na voda do seu fillo en 1958.


Ademais da canción galega e o repertorio clásico belcantista, estreou óperas como *El pelele*, de Julio Gómez, ou *Fantochines*, de Conrado del Campo, a cal estaba dedicada a Ángeles Ottein e Armand Crabbé, co que formara unha compañía de ópera de cámara. Deixounos numerosas gravacións históricas como a de *Maruxa* en de 1930 xunto coa súa irmá Ofelia, Jaime Ferré, Aníbal Vela e Carlo Galeffi acompañados do coro e orquestra do Gran Teatre del Liceu dirixidos por Antonio Capdevila.



Fotografía de Ángeles Ottein con Ofelia Nieto (ca. 1914). [Barcelona, MAE. Institut del Teatre].



Fotografía como licenciado en Dereito de José Nieto, «Nietño», pai de Ramona, Ángeles e Ofelia Nieto e un dos protagonistas da novela La Casa de la Troya. [Santiago de Compostela, Museo Casa de la Troya].



Dúas páxinas do dietario autógrafo de Ángeles Ottein no que se recollen as súas actuacións entre 1915 e 1930, levando apuntada a contabilidade das mesmas. [Fondo particular].



Programa do concerto da Asociación de Prensa de la Coruña do 20 de decembro de 1915, no coruñés Teatro Rosalía de Castro, no que actuaron a Compañía de ópera do Mestre Tolosa onde figu an Ofelia Nieto e Ángeles Ottein. [Fondo particular].



Retrato de Ángeles Ottein nova (ca. 1912-1919). [Barcelona, MAE. Institut del Teatre].



Contrato de Ángeles Ottein para actuar no Teatro Real de Madrid, 1915. [Barcelona, MAE. Institut del Teatre].



Noticia sobre a orixe de Ángeles Nieto (Ángeles Ottein) e a explicación do seu nome artístico. *Centro Gallego. Órgano de la colectividad gallega en el Uruguay* (Montevideo), 30 de abril de 1918. [Galiciana, Biblioteca Dixital de Galicia].



Noticia sobre a visita de Ángeles Ottein ao Centro Gallego de Bos Aires e transcripción da carta dirixida pola artista ao seu Presidente. *Boletín Oficial del Centro Gallego* (Buenos Aires), 1 de xullo de 1918. [Galiciana, Biblioteca Dixital de Galicia].



Caricatura de Ángeles Ottein. *La Novela Teatral* (Madrid), 28 de octubre de 1923. [Fondo particular].



Caricatura de Ofelia Nieto. *La Novela Teatral* (Madrid), 20 de abril de 1919. [Fondo particular].

Ofelia Nieto

Algete (Madrid), 1898 – Madrid, 1931

Ofelia Nieto vestida co traxe típico de «china poblana».
[Reprodución. *Universal Ilustrado* (México), 1921].



Filla de Xosé Nieto, notario compostelán que inspirou o famoso «Niaetiño» de *La casa de la Troya*, e tres anos máis nova que a súa irmá e tamén célebre cantante lírica, Ángeles Otteín, Ofelia Nieto naceu en Algete (Madrid) no seo dunha familia afionada á música; outra irmá, Ramona, sería compañeira de estudos das dúas nas aulas de José Simonetti, e o irmán máis pequeno educaría a súa voz como tenor. En 1914 debutou no Teatro Real de Madrid coa estrea absoluta de *Maruxa* de Amadeo Vives baixo a dirección de Pablo Luna. Inmediatamente foi contratada para intervenir en *Die Walküre* (*A Valquiria*) de R. Wagner, iniciando unha carreira internacional por Europa e América tan intensa como breve.

En 1915 o seu nome comezou ser frecuente nos escenarios da capital; ese mesmo ano presentouse en Oviedo, Gijón e no Teatro Rosalía de Castro de A Coruña, onde volvería o ano seguinte. En 1916 cantou tamén en Compostela, Pontevedra, Vigo e Lugo, con Ángeles, e foi contratada polo Gran Teatre del Liceu para cantar diversos roles, entre eles *Die Walküre*, nesta ocasión interpretando o complicado papel de Siglinda. Tras percorrer España ofrecendo recitais acompañadas polo mestre Terragnolo, en 1918, Ofelia estrea no Teatro Real de Madrid a ópera *El Avapiés*, con letra de Ángel Barrios e música de Conrado del Campo, baixo a dirección de Fernández Arbós. Ese mesmo ano é contratada polo Teatro della Pérgola de Florencia para cantar *Manon* e *Aida*, regresando a España o ano seguinte para interpretar no Teatro Real *Mefistófele* de A. Boito e estreando no Coliseo Albia de Bilbao a ópera *Amaya* de J. Guridi.

En 1921 emprendeu unha longa xira por América na que visitou Brasil, Arxentina,

Chile, Perú, Cuba e os Estados Unidos, e na que cantou con algúns dos intérpretes máis famosos do momento como Giulio Cirino, Carlo Gallefi, Hipólito Lázaro, Virgilio Lazzari, Titta Ruffo, Tito Schipa ou Aureliano Pertileu. Ao seu regreso ao Teatro Real, interpretou *Tosca* facendo parella con Miguel Fleta e con Giacomo Lauri-Volpi. Non sería esta a única xira americana pois volvería embarcarse para cruzar o Atlántico en dúas ocasións máis. De tódolos países que visitaron, as irmás Nieto-Otteín, adicáronlle especial atención a Arxentina e Cuba, sendo moi admiradas polas colectividades de galegos emigrados.

En 1926 foi chamada polo Teatro alla Scala de Milán, que neses momentos dirixía Arturo Toscanini, para protagonizar *Lohengrin* de R. Wagner, xunto a Petrille y Galeffi y *Der Freischütz* (*O cazador furtivo*) de C. M. von Weber, con Ebbe Stigniani, Antonin Trantoul e Tancredi Pasero. Ese mesmo ano cantaría no Teatro San Carlo de Nápoles a *Manon* de J. Massenet e *Aida* de G. Verdi.

En 1928 deixou definitivamente os escenarios ó casar co avogado burgalés afincado en Sevilla, Felipe Cubas. A partir de entón as súas interpretacións públicas foron moi esporádicas e fundamentalmente nesa cidade onde residía e onde foille dedicada, a título póstumo en 1935, unha glorieta no Parque de María Luisa. Faleceu en Madrid en 1931, con tan só 33 anos, e cando levaba xa tres retirada dos escenarios.

Posuía unha voz de timbre poderoso e limpo que nos graves voltábase con texturas de veludo. Como intérprete foi unha cantante de gran versatilidade, adaptándose moi ben os diferentes repertorios, deixándonos un número importante de gravacións que inclúen ópera, zarzuela e tamén canción galega.



Cartel da representación de *Tosca* de G. Puccini do 21 de marzo de 1922 no Teatro Real (Madrid) onde Ofelia Nieto cantou xunto con Miguel Fleta. [Barcelona, MAE. Institut del Teatre].



Fotografía de Ofelia Nieto caracterizada para o papel principal na estrea da ópera *Amaya*, con libreto de José María Arroita e música de Jesús Guridi. Bilbao, 1920. [Barcelona, MAE. Institut del Teatre].



Fotografía coloreada de Ofelia Nieto. [Barcelona, MAE. Institut del Teatre].



Fotografía de Ofelia Nieto caracterizada no papel de *Maruxa*. [Barcelona, MAE. Institut del Teatre].

Theatro do Gymnasio

Em 6 de Abril de 1930, ás 4 h. da tarde

Concerto de Caridade

ORGANISADO
POR UMA COMISSÃO
DE ASSISTENCIA AOS TUBERCULOSOS

Sob o alto patrocínio das Ex.^{mas} Senhoras Embaixatrizes e Ministras do Brasil, Hespanha, Inglaterra, Belgica, Alemanha, Holanda, Italia e Noruega

Com o gracioso concurso das Ex.^{mas} Senhoras:

D. Ofelia Nieto de Cubas
D. Cecilia Borba

do Coro Femenino de "PRO ARTE"

SOB A DIRECCÃO DO

Professor FRANCISCO DE LACERDA
e dos Professores PEDRO DE FREITAS BRANCO
e FERNANDO BOTELHO LEITÃO

Cartel do *Concerto de caridade* organizado pola Comisión de asistencia dos afectados por tuberculose, ofrecido por Ofelia Nieto de Cubas no Teatro Gymnasio de Lisboa o 6 de abril de 1930. [Fondo particular].



Fotografía de Ofelia Nieto publicada con motivo do seu pasamento. *El imparcial* (Madrid), 22 de maio de 1931. [Hemeroteca Digital Hispana].

Listado materiais expostos

PANEIS e MESAS

Panel 1. Benita Moreno.

1. «Cien Gallegos Ilustres. Benita Moreno» por Modesto Grandío Parapar. *Eco de Galicia: revista ilustrada y de la información de la colonia gallega en Cuba* (La Habana), 15 de outubro de 1933. [Galiciana, Hemeroteca Dixital de Galicia]
2. *La festa della rosa* de Stefano Pavesi, ópera representada o 27 de abril de 1808 no Teatro da Fenice, onde Benita Moreno interpretou o papel de Catterina. [Venecia, Arquivo Histórico Teatro La Fenice].
3. *Canción Patriótica* en eloxio de Rafael del Riego, cantada no Coliseo do Príncipe de Madrid por Benita Moreno, con música de Esteban Moreno. Interpretouse no entreacto da ópera de Stefano Pavesi, *Marco Antonio y la modista*. [Madrid, Biblioteca Nacional de España].
4. Fotografía de Ángela Moreno de Farro, filla de Benita Moreno. [Madrid, Biblioteca Nacional de España].
5. Luisa Santamaría Moreno, filla de Benita Moreno, no papel de Margarita de Navarra da zarzuela *Ardides y cuchilladas*, libreto de Juan Belza e música de Antonio Reparaz. Madrid. Teatro Circo, febreiro de 1861. [Barcelona, MAE. Institut del Teatre].

Mesa 1/A. Benita Moreno.

1. Texto de Modesto Grandío Parapar sobre a actriz galega Manuela Rey, dentro da serie «Mujeres gallegas», no que tamén aparece citada Benita Moreno. *El Regional. Diario de Lugo*, 11 de xaneiro de 1928. [Reprodución. Galiciana, Hemeroteca Dixital de Galicia].
2. Biografías de Francisca e Benita Moreno. Folla mecanografiada de José Subirá.

[Reprodución. Madrid, Biblioteca Nacional de España].

3. Oda a Benita Moreno. Cádiz, 1818. [Reprodución. Madrid, Biblioteca Nacional de España].
4. Programa dun concerto de Benita Moreno no Hotel de Westphalie. *Journal des arts, des sciences et de la littérature* (París), 25 de xaneiro de 1812. [Reprodución. Gallica, Biblioteca Dixital da Biblioteca Nacional de Francia].
5. Noticia sobre unha actuación das irmás Moreno en Toulouse (Francia). *Le Moniteur Westphalien* (Kassel), 31 de xaneiro de 1812. [Reprodución. Gallica, Hemeroteca Dixital da Biblioteca Nacional de Francia].
6. Libreto de *L'italiana in Algeri* de G. Rossini. Gran Teatro do Liceu (Barcelona), 1869. [Fondo particular].
7. Partitura de *Arza pilili. Canción garitana agitanada da ópera bufa Marco Antonio y la modista*, de Esteban Pavesi, interpretada por Benita Moreno no papel de Flora (modista) en 1824 no Teatro do Príncipe (Madrid). [Reprodución. Madrid, Biblioteca Nacional de España].
8. Portada da partitura *¡Ay que me da!, canción española puesta en música y dedicada a D^ª. Ángela Moreno* (filla maior de Benita Moreno) por Francisco Asenjo Barbieri. Madrid, 1853. [Reprodución. Madrid, Biblioteca Nacional de España].
9. Colección de fototipias de mulleres cantantes de ópera e zarzuela entre as que figura o retrato de Luisa Santamaría, filla menor de Benita Moreno. Inicios do século xx. [Fondo particular].
10. Cartel da función do 24 de setembro de 1864, da zarzuela de F. A. Barbieri *El diablo en el poder*, no Teatro Principal de Valencia

na que participou Luisa Santamaría (filla menor de Benita Moreno), no rol de Princesa dos Ursinos. [Reprodución. Parnaseo, Servidor Web de Literatura Española. Universitat de València].

Panel 2. Cristina Villó.

1. Cristina Antera Villó no papel de *Norma*. Gravado de A. Gómez y Cros para *El entreacto*, núm. 16 (1870). [Madrid, Biblioteca Nacional de España].
2. Retrato de Cristina Ramos Villó. *El Orfeo Andaluz* (Sevilla), 1842 [Madrid, Biblioteca Nacional de España].
3. Libreto da ópera *La straniera* de Vincenzo Bellini, con C. Villó como *prima donna*. Turín, Teatro Carignano, 1842 [Turín, Biblioteca Nacional Universitaria].
4. Libreto da ópera *Belisario* de Gaetano Donizetti. Madrid, Teatro Circo, 1843. Cristina Villó aparece no papel de Antonia e Carlota Villó no de Irene [Madrid, Biblioteca Nacional de España].
5. Partitura das *Variaciones sobre o terzetto da ópera Lucrezia Borgia* de G. Donizetti, para piano, de C. Ambite, «recuerdo de la Villó». Madrid: Lodre editor (ca. 1856). [Madrid, Biblioteca Nacional de España].
6. Biografía de Cristina Villó. *El Fénix* (Valencia), 13 de febreiro de 1848. [Madrid, Biblioteca Nacional de España].
7. Soneto dedicado a Cristina Villó. *El Fénix* (Valencia), 22 de marzo de 1846. [Madrid, Biblioteca Nacional de España].

Panel 3. Irmás Villó.

1. Retrato de Elisa Villó. Litografía de Lacau. *El consuetta. Revista Ilustrada de teatros*

- (ca. 1860) [Madrid, Biblioteca Nacional de España].
2. Poesía dedicada «A la distinguida tiple la señora doña Carlota Villó. *El Recreo Compostelano*, nº 18, 1842. [A Coruña, Real Academia Galega].
 3. Retrato de Matilde Villó por Romualdo de Castro (ca. 1875). Fotografía coloreada, manipulada con IA. [Barcelona, MAE. Institut del Teatre].
- Mesa 1/B. Cristina Villó. Matilde Villó, Carlota Villó.
1. Partida de matrimonio de Cristina Villó con Félix Ramos. Granada, 5 de xullo de 1836. [Reprodución. Granada, Arquivo Histórico de Granada].
 2. Partida de matrimonio de Cristina Villó con Vicente Chulvi. Valencia, 6 de febreiro de 1847. [Reprodución. Valencia, Arquivo Histórico Municipal de Valencia].
 3. Carta de Cristina Villó a Francisco Asenjo Barbieri solicitando as partituras de *Jugar con fuego* para interpretala no Teatro Principal de Alicante. Madrid, 14 de xullo de 1852. [Reprodución. Madrid, Biblioteca Nacional de España].
 4. Cartel da función do 28 de xuño de 1845 no Teatro Principal de Valencia, a beneficio de Cristina Villó. [Reprodución. Parnaseo, Servidor Web de Literatura Española. Universitat de València].
 5. Libreto da ópera *La vestal*, con libreto de Salvatore Cammarano e música de Severio Mercadante, representada no Teatro del Circo (Madrid) en 1843, na que Cristina Villó cantou o papel principal de Emilia. [Reprodución. Barcelona, Biblioteca de Catalunya].
 6. Noticia sobre a presentación de Cristina Villó no Teatro Carignano de Turín. //

- Mesaggiere Torinese*, 11 de setembro de 1841. [Reprodución. Turín, Fondo Giorgio Ramponi].
7. Reseña do paso de Cristina Villó por Ámsterdam interpretando *I Puritani* de V. Bellini. *Revista de Teatros. Periódico de literatura y artes* (Madrid), 8 de decembro de 1841. [Reprodución. Hemeroteca Dixital Hispana. Madrid, Biblioteca Nacional de España].
 8. Cartel da función do 28 de xuño de 1845 no Teatro Principal de Valencia, a beneficio de Cristina Villó. [Reprodución. Parnaseo, Servidor Web de Literatura Española].
 9. Cartel da función do 15 de xuño de 1854 no Teatro Principal de Valencia na que participaron Cristina Villó e o tenor Felipe Varesi. [Reprodución. Parnaseo, Servidor Web de Literatura Española. Universitat de València].
 10. Libreto da ópera *Rigoletto*, con libreto de F. M. Piave e música de G. Verdi, representada no Teatro Principal de Valencia en 1854 e na que Cristina Villó cantou o papel de Gilda. [Fondo particular].
 11. Fotografía de Cristina Villó. *La Esfera*, 24 de maio de 1924. [Fondo particular].
 12. Cartel da función do 23 de febreiro de 1847 no Teatro Principal de Barcelona na que se interpretou *Norma* de V. Bellini por Matilde y Carlota Villó. [Fondo particular].
 13. Retrato de Matilde Villó por Romualdo de Castro (ca. 1875). [Reprodución. Barcelona, MAE. Institut del Teatre].

Panel 4. Rosario Salgado de Pereira. Asunción R. Lantes.

1. Retrato de Rosario Salgado publicado en *Coruña moderna* (A Coruña), 30 de xullo de 1905. [A Coruña, Real Academia Galega].
2. Noticia sobre o paso de Rosario Salgado polos teatros de Milán e de Novara (Italia) en *Galicia: revista semanal ilustrada*, 23 de abril de 1904. [Galiciana, Hemeroteca Dixital de Galicia].
3. Noticia sobre o triunfo de Rosario Salgado de Pereira en Bos Aires. *Galicia Industrial y comercial*, nº 44, outubro 1929.
4. Retrato de Asunción Rodríguez Lantes publicado no argumento da ópera *Aida*, de Giuseppe Verdi, para a función do 17 de novembro de 1893 no Teatro Degollado de Guadalajara (México) [Fondo particular].
5. Libreto da ópera *Otello* de Giuseppe Verdi da representación do 17 de febreiro de 1892 no que Asunción Rodríguez Lantes interpretou o papel de Desdemona no Teatro da Fenice de Venecia. [Venecia, Arquivo Histórico do Teatro La Fenice].
6. Cartel da ópera *Otello* de Giuseppe Verdi da representación do 17 de febreiro de 1892 no que Asunción Rodríguez Lantes interpretou o papel de Desdemona no Teatro da Fenice de Venecia. [Venecia, Arquivo Histórico do Teatro La Fenice].
7. Noticia sobre a representación da ópera *Otello* de Giuseppe Verdi o 22 de decembro 1894 no Teatro Tacón da Habana (Cuba) na que participou Asunción Rodríguez Lantes; no entreacto, a cantante interpretou a cantiga galega *Un adiós a Mariquiña* con letra de Manuel Curros Enríquez e música de José Castro Chané. *A nosa terra* (A Coruña), 18 de

agosto de 1907. [Galiciana, Hemeroteca Dixital de Galicia].

MESA 2/A. Rosario Salgado de Pereira.

1. Crónica sobre Rosario Salgado. *Coruña Moderna. Revista semanal* (A Coruña), 30 de xullo de 1905. [Reprodución. A Coruña, Real Academia Galega].
2. Noticia sobre Rosario Salgado. *El Noroeste* (A Coruña), 28 de xullo de 1905. [Reprodución. Galiciana, Hemeroteca Dixital de Galicia].
3. Crónica del homenaje a Pascual Veiga en Bos Aires, no que participou Rosario Salgado, cantando melodías galegas. *El Primitivo. Revista mensual del «Orfeón Gallego Primitivo»* (Bos Aires), 6 de novembro de 1906. [Reprodución. A Coruña, Real Academia Galega].
4. Noticia sobre a xubilación de Rosario Salgado de Pereira. *Correo de Galicia* (Bos Aires), 6 de outubro de 1929. [Reprodución. Galiciana, Hemeroteca Dixital de Galicia].
5. Noticia sobre Rosario Salgado. *La Voz de Galicia* (A Coruña), 18 de outubro de 1931. [Reprodución]

MESA 2/B. Asunción R. Lantes.

1. Noticia sobre os primeiros premios de canto da clase de José Inzenga da Escola Nacional de Música e Declamación de Madrid. *Ilustración musical Hispano-Americana* (Barcelona), 27 de xaneiro de 1889. [Reprodución. Hemeroteca Dixital Hispana. Biblioteca Nacional de España].
2. Noticia sobre o paso de Asunción R. Lantes polo Teatro Carlo Felice de Xénova. *Galicia Moderna. Semanario de intereses generales* (A Habana), 29 de marzo de

1890. [Reproducción. Galiciana, Hemeroteca Dixital de Galicia].
- Noticia sobre o paso de Asunción R. Lantes por o Centro Gallego da Habana. *El Correo Gallego. Diario Monárquico* (Ferrol), 22 de febreiro de 1894. [Reproducción. Galiciana, Hemeroteca Dixital de Galicia].
 - Biografía de Asunción R. Lantes. *El Correo Gallego. Diario Monárquico* (Ferrol), 15 de decembro de 1894. [Reproducción. Galiciana, Hemeroteca Dixital de Galicia].
 - Cartel anunciando a función da ópera *Aida* de G. Verdi no Gran Teatro Degollado de Guadalajara (México), do 19 de novembro de 1893, na que participou Asunción R. Lantes como protagonista. [Fondo particular].
 - Retrato de Asunción R. Lantes no argumento da ópera *Aida*, da colección de «Suplementos Teatrales (El Mercurio)». Guadalajara (México), 1893. [Fondo particular].
 - Argumento da ópera *Otello* de G. Verdi, da colección de «Suplementos Teatrales (El Mercurio)», no que Asunción R. Lantes intepretou o papel de Desdémona. Guadalajara (México), 1893. [Fondo particular].
 - Retrato de Asunción R. Lantes. *Teatro cómico. Periódico de teatros y todo tipo de espectáculos* (México), 17 de setembro de 1893. [Reproducción. Hemeroteca Dixital da Biblioteca Nacional de México].
 - Fotografía do exterior do Teatro Degollado de Guadalajara (México) a inicios do século xx. [Fondo particular].

Panel 5. Carolina Casanova de Cepeda.

- Fotografía de Carolina Casanova, década de 1890, fotógrafo Antoni Esplugas.

- Fotografía coloreada, manipulada con IA. [Barcelona, MAE. Institut del Teatre].
- Imaxe do fondo, artigo sobre sobre Carolina Casanova da serie «Mujeres gallegas». *El Regional* (Lugo), 15 de abril de 1925. [Galiciana, Hemeroteca Dixital de Galicia].
 - Fotografía e pequena biografía, de Carolina Casanova publicadas en 1924 no libro *Retratos de mujeres españolas del siglo xix* de Joaquín Ezquerro del Bayo e Luis Pérez Bueno. Madrid: Imprenta de Julio Cosano. [Fondo particular].
 - Retrato de Carolina Casanova de Cepeda, caracterizada. *El teatro, revista de espectáculos*, Madrid, 13 de febreiro de 1910. [Fondo particular].
 - Libreto da ópera *Il mercante di Venezia*, con libreto de William Shakespeare e música de Ciro Pinsuti. Teatro Comunal de Boloña, 8 de novembro de 1873. Esta obra foi estrenada por Carolina Casanova, cantando o rol de Porzia. [Mantua, Biblioteca Comunal Teresiana].

MESA 3. Carolina Casanova de Cepeda.

- Reseña sobre as cualidades da voz de Carolina de Cepeda, polo célebre dramaturgo, novelista e crítico parisino, Emile Desbeaux. *Le Petite Presse. Journal Universel* (París), 19 de febreiro de 1884. [Reproducción. Gallica, Hemeroteca Dixital da Biblioteca Nacional de Francia].
- Biografía de Carolina Cepeda dentro da serie «Gallegas distinguidas». *Galicia Moderna. Semanario de intereses generales* (A Habana), 10 de xaneiro de 1886. [Reproducción. Galiciana, Hemeroteca Dixital de Galicia].

- Noticia sobre a interpretación de Carolina de Cepeda en *Maria di Rohan*, con libreto de S. Cammarano e música de G. Donizetti. *The New York Herald* (Ed. París), 27 de maio de 1889. [Reproducción. Gallica, Hemeroteca Dixital da Biblioteca Nacional de Francia].
- Biografía de Carolina Casanova dentro da serie «Mujeres gallegas» por Modesto Grandío Parapar. *El Regional. Diario de Lugo*, 15 de abril de 1925. [Reproducción. Galiciana, Hemeroteca Dixital de Galicia].
- Recibo do pago do Teatro Real de Madrid a Carolina Casanova de Cepeda asinado polo seu marido, Luis de Cepeda, e o director artístico do teatro, Luigi Cuzzani. Madrid, 31 de xaneiro de 1888. [Reproducción. Barcelona, MAE. Institut del Teatre].
- Carta de Carolina Casanova de Cepeda a Francisco Asenjo Barbieri sobre a vacante na cátedra de canto da Academia de San Fernando (Madrid, 12 de febreiro de 1892). [Reproducción. Madrid, Biblioteca Nacional de España].
- Libreto de *Les Huguenots*, de G. Meyerbeer; un dos títulos máis queridos por Carolina Casanova. Gran Teatre do Liceu (Barcelona), 1875. [Fondo particular].
- Libreto de *Aida*, con texto de A. Ghislanzoni e música de G. Verdi; un dos roles máis solicitados a Carolina Casanova durante a súa exitosa carreira artística. Gran Teatre do Liceu (Barcelona), 1878. [Fondo particular].
- Cartel da función do 26 de maio de 1867 de *Roberto el diablo*, de G. Meyerbeer, no Teatro Principal (Valencia) na que Carolina Casanova participou como Isabella, Princesa de Sicilia. [Reproducción.

- Parnaseo, Servidor Web de Literatura Española. Universitat de València].
- Retrato de Carolina Casanova de Cepeda, caracterizada, que acompaña a súa necrolóxica na revista *El Teatro* (Madrid), 13 de febreiro de 1910. [Fondo particular].
 - The Annals of Covent Garden Theatre (1732-1897)* de Henry Sae Wyndham. Londres: Chatto & Windus (1906). [Fondo particular].
 - Retrato de Carolina Casanova de Cepeda por P. Ross. *La Ilustración de la Mujer* (Barcelona), 15 de febreiro de 1884. [Reproducción. Hemeroteca Digital Hispana da Biblioteca Nacional de España].

Panel 6. Dorinda Rodríguez.

- Imaxe do fondo: Noticia de *El Eco de Galicia* (La Habana) do 28 de marzo de 1886 no que vemos a Dorinda Rodríguez nos papeles de Marica e de *Beneficencia Gallega*, no reparto do *apropóseto lírico-dramático ¡Non máis emigración!*, con libreto de Ramon Armada Teixeira e música de Felisindo Rego, estreado no Teatro Tacón (La Habana) o día 10. [Galiciana, Hemeroteca Dixital de Galicia].
- Fotografía de Dorinda Rodríguez caracterizada como chico. Teodoro San José (1890). [Madrid, Biblioteca Nacional de España].
- Poemario *Caldo de grelos*, de Ramón Armada Teixiero (Chumín de Céltegos) publicado en La Habana (Cuba) en 1895, no que a poesía «¡Adiós!» está dedicada a Dorinda Rodríguez. [Galiciana, Hemeroteca Dixital de Galicia].
- Retrato de Dorinda Rodríguez na portada de *La Saeta* (Barcelona), 12 de marzo

de 1891. [Biblioteca virtual de Prensa Histórica].

5. Poesía *Pol-a unión* de Manuel Curros Enríquez, leída por Dorinda Rodríguez na festa dedicada a Santiago Apóstol celebrada no Teatro Payret da Habana (Cuba) no ano 1894. *Galicia* (A Habana), 30 de abril de 1905. [Galiciana. Hemeroteca Dixital de Galicia].

Panel 7. Bibiana Pérez «La Perecita».

1. Fotografía de Bibiana Pérez xunto coa súa alumna Berta Malde [Arquivo persoal Luciano José Navas].
2. Imaxe do fondo: Cartel de la compañía de ópera do Teatro Real na temporada 1888- 1889. [Almagro, Museo Nacional del Teatro].
3. Fotografía do tenor malpicán Ignacio Varela, marido de Bibiana Pérez (1899). [Barcelona, MAE. Institut del Teatre].
4. Libreto da ópera *Los Amantes de Teruel* de Tomás Bretón, estreada no Teatro Real de Madrid o 12 de febreiro de 1889. Bibiana Pérez aparece no rol de Isabel, a protagonista. [Madrid, Biblioteca Fundación Juan March].
5. Noticia sobre el estreno de *Los amantes de Teruel* en Madrid. *Gazzetta Musicale di Milano*, 3 de marzo de 1889. [Milán, Biblioteca Nacional Braidense].
6. Fotografía familiar de Bibiana Pérez en A Coruña, xunto co seu marido o tenor malpicán Ignacio Varela e os seus fillos Raúl, Ignacio, Carmen, Arturo e Fernando. Imaxe de procedencia familiar. [*As mallas da Area. Revista da Asociación Cultural e Deportiva Mallas de Area* (Malpica de Bergantiños), agosto 2023].

7. Noticia do falecemento de Bibiana Pérez na Coruña, ilustrada coa imaxe da cantante, caracterizada como Isabel en *Los amantes de Teruel. El Ideal Gallego*, 29 de abril de 1950. [Galiciana, Hemeroteca Dixital de Galicia].

MESA 4/A. Dorinda Rodríguez.

1. Reportaxe sobre Dorinda Rodríguez de Antonio Piñeiro. *La Región* (Ourense), 5 de xullo de 2021. [Reprodución].
2. Crónica de Gervasio Lobato sobre o homicidio do primeiro marido de Dorinda Rodríguez en Lisboa. *O Occidente. Revista ilustrada de Portugal e do estrangeiro* (Lisboa), 21 de agosto de 1887. [Reprodución. Hemeroteca Dixital da Biblioteca Nacional de Portugal].
3. Retrato de Dorinda Rodríguez e do seu primeiro marido, o violinista José Rodríguez, con outra crónica do seu homicidio en Lisboa. *A Ilustração Portuguesa. Semanario. Revista literaria e artística* (Lisboa), 22 de agosto de 1887. [Reprodución. Hemeroteca Dixital da Biblioteca Nacional de Portugal].
4. Noticia sobre o incendio do Teatro Baquet de Oporto durante unha representación da zarzuela *La Gran Vía*, de F. Chueca e J. Valverde, na que participaba Dorinda Rodríguez. *El Chiquero. Revista de toros, teatros y demás espectáculos*, Zaragoza, 25 de marzo de 1888. [Reprodución. Hemeroteca Dixital da Biblioteca Nacional de España].
5. Libreto de *La Gran Vía*, con texto de Felipe Pérez y González e música de Federico Chueca e Joaquín Valverde. Primer cuarto do século xx. O Teatro Baquet de Oporto, ardeu precisamente cando

estaba a finalizar unha representación desta zarzuela na que participaba Dorinda Rodríguez [Fondo particular].

6. Libreto e reparto do propósito galego *¡Non mais emigración!*, con libreto de Ramón Armada Teixiero e música de Felisindo Rego, na súa estrea no Teatro Tacón da Habana o 10 de abril de 1886 e no que Dorinda Rodríguez representou os roles de Marica e da Beneficencia Galega. *El Eco de Galicia* (A Habana), 28 de marzo de 1886. [Reprodución. A Coruña, Real Academia Galega].
7. Retrato de Dorinda Rodríguez aparecido na portada da revista de variedades *La Tomasa. Setmanari catalá* (Barcelona), 18 de abril de 1890. [Fondo particular].

MESA 4/B. Bibiana Pérez «La Perecita».

1. Crónica sobre o centenario do falecemento do tenor Ignacio Varela, por Adrián Abella Chouciño. Inclúe fotografía familiar de Varela coa súa muller, Bibiana Pérez, e os seus cinco fillos (ca. 1910). De pé, de esquerda á dereita: Raúl, Ignacio, Ignacio (pai) e Carmen. Sentados diante, de esquerda á dereita: Arturo, Bibiana (nai) e Fernando. *As Mallas de Area* (Malpica de Bergantiños), 1 de agosto de 2023. [Reprodución].
2. *Cebrereños ilustres y otras historias de Cebreros*, de Luciano José Navas Villalba [Cebreros (Ávila), 2019]. Inclúe o capítulo «Bibiana Pérez. La Perecita. Cebrereña, famosa cantante de ópera». Nestas páxinas, pódense ver dous carteis da compañía de ópera do Teatro Real de Madrid nas temporadas de 1887-88 e 1888-89, encabezados polos célebres cantantes

Adelina Patti e Julián Gayarre. [Fondo particular].

3. Libreto do drama *Los amantes de Teruel*, de Juan Eugenio Hartzenbusch, do que Tomás Bretón tomou o argumento para a súa ópera homónima que foi estreada por Bibiana Pérez no Teatro Real de Madrid. Madrid, 1849. [Fondo particular].
4. Fotografía de Bibiana Pérez durante unha festa campestre ofrendada polas súas alumnas entre as que se atopa unha moi nova Lola Rodríguez Aragón. *A Coruña. Domecq en Galicia: Revista mensual* (A Coruña), 1 de xuño de 1928. [Reprodución. A Coruña, Real Academia Galega].
5. Fotografía de Carmen Varela Pérez, filla de Bibiana Pérez, na ópera *El monte de las ánimas*, de Eduardo Rodríguez-Losada. De esquerda a dereita: Panchito Naya (tenor), Carmen Varela (tiple), María C. Caruncho (contralto) e Sara Salgado (contralto). Fotografía A. Blanco. *Vida gallega: Ilustración Regional* (Vigo), 30 de maio de 1927. [Reprodución. Galiciana, Hemeroteca Dixital de Galicia].

PANEL 8: Escola Lírica Galega

1. Imaxe do fondo: Portada da canción galega *Un adios a Mariquiña*, letra de M. Curros Enríquez e música de X. Castro «Chané». [Fondo particular].

Panel 9: Enriqueta Brandón, Honoria Goicoa, María Pardo Trapote

1. Fotografía de Enriqueta Brandón no papel de «Doña Sabela» na ópera *O Mariscal*. 1929. [Reprodución. A Coruña, Arquivo Real Academia Galega de Belas Artes].

2. Fotografía de Honoria Goicoa no pape de «Doña Xuana» na ópera *O Mariscal*. 1929. [Reprodución. A Coruña, Arquivo Real Academia Galega de Belas Artes].
3. Fotografía de María Pardo Trapote vestida co traxe rexional galego. [Arquivo familiar].

Panel 10: Mary Isaura.

1. Imaxe do fondo: Partitura de *Peleles*, canción con música de Vicente Quirós e letra de Pedro Puche, «la magistral creación de Mary Isaura». Barcelona: Unión Musical Española. [Fondo particular].
2. Portada de *Céltiga* (Bos Aires), 30 de setembro de 1924. [Galiciana, Hemeroteca Dixital de Galicia].
3. Fotografía de Mary Isaura como Doña Francisquita, por Ignacio Calvache (1924). [Barcelona, MAE. Institut del Teatre].
4. Caricatura de Mary Isaura. *La novela teatral*, 5 de novembro de 1922. [Fondo particular].
5. Caricatura de Mary Isaura. *ABC*, 4 de marzo de 1923. [Fondo particular].
6. Programa de man da representación de *Doña Francisquita* no Teatro Tívoli con Mary Isaura como protagonista. [Fondo particular]. 13 de decembro de 1923. [Barcelona, MAE. Institut del Teatre].

